

PROGRAMACIÓN  
2º  
EDUCACIÓN  
PRIMARIA

CEIP O COTO

2020-2021

# PROGRAMACIÓN

# 2º PRIMARIA

Elaborada por:

- Elena Nieto Vilouta (Titora 2ºA)
- Ana María Veiga Martínez (Titora 2ºB)
- Laura Rodríguez Somoza (Titora 2ºC)

**CEIP O COTO**  
**CURSO 2020/2021**

## ÍNDICE

1. Introducción e contextualización .....	4
2. Aprendizaxes imprescindibles en termos de resultados de aprendizaxe non acadados en xeral polo alumnado do grupo ou que non se puideron desenvolver .....	5
3. Procedemento previsto para integrar, organizar e desenvolver as aprendizaxes non adquiridas do curso anterior que foron identificadas .....	5
4. Outros aspectos a ter en conta para a elaboración da programación .....	6
5. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	6
6. Peso dos estándares nas competencias clave.....	9
7. Concreción dos obxectivos para o curso.....	32
8. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: temporalización e definición das unidades didácticas .....	34
9. Relacionar unidades didácticas co currículo .....	53
10. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos procedementos e instrumentos de avaliación .....	74
11. Metodoloxía.....	102
12. Materiais e recursos didácticos que se van empregar .....	106
13. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	108
14. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	120
15. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes .....	122

16. Deseño da avaliación inicial .....	122
17. Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.....	123
18. Medidas de atención á diversidade .....	124
19. Concreción dos elementos transversais que se traballarán neste curso..	125
20. Actividades complementarias e extraescolares programadas .....	125
21. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	127

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O presente documento ten como obxectivo a concreción do curso académico de 2º de educación primaria. Para a elaboración do mesmo tivéronse en conta os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e competencias clave recollidas no decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No presente curso 2020-2021 no 2º nivel de Educación Primaria atópanse matriculados un total de 52 alumnos/as, repartidos en tres aulas de 19, 18 e 15 alumnos/as respectivamente.

1ºA	1º B	1ºC	TOTAL
19 alumnos/as	18 alumnos/as	15 alumnos/as	52 alumnos/as

O profesorado que imparte clase neste nivel é o seguinte:

- As titoras:
  - Elena Nieto Vilouta(titora de 2ºA)
  - Ana María Veiga Martínez (titora de 2º B)
  - Laura Rodríguez Somoza (titora de 2ºC e coordinadora do nivel)

As titoras imparten nas súas titorías Lingua Galega e Castelá, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Valores Sociais e Cívicos.

- Os/As especialistas:
  - María Belén Abraldes Castro (Inglés e Plástica Bilingüe en 2º A e 2ºB)
  - Natalia Veiga Fernández (Plástica Bilingüe en 2ºC)
  - Francisco Piñeiro Castro (E.F.)
  - Manuel Sanmartín Malvárez (Educación Musical)
  - Manuel Jorge Furelos (Relixión )
  - Teresa Mayo Ardións (PT)
  - Ana Mayo Ardións (PT)
  - Lorena Conde (AL)

## **2. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES EN TERMOS DE RESULTADOS DE APRENDIZAXE NON ACADADOS EN XERAL POLO ALUMNADO OU QUE NON SE PUIDERON DESENVOLVER**

Todas as materias trabállanse dunha maneira globalizada e cíclica, polo que as aprendizaxes imprescindibles que non se acadaron no pasado curso por mor do confinamento revisaranse ao longo deste curso académico por medio de actividades de iniciación e motivación para comprobar os coñecementos previos do alumnado e partir deles para desenvolver unhas aprendizaxes verdadeiramente significativas. Durante o mes de setembro realizaremos un repaso xeral de todo o traballado no anterior ano académico e partiremos dese punto para o desenvolvemento dos novos contidos.

Unha alumna promocionou de curso con unha cualificación negativa nas linguas debido a que non acadou os mínimos esixibles nesas materias. Segundo a **Orde do 9 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia deberá seguir un plan específico de recuperación.

## **3. PROCEDEMENTOS PREVISTOS PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS DO CURSO ANTERIOR**

Nas actividades iniciais que se fan ao inicio de cada sesión e nas distintas unidades didácticas, revisaremos e ampliaremos os diferentes contidos. Cando se detecte algún aspecto que non foi adquirido polo alumnado farase especial fincapé nese contido. Se dito contido foi adquirido por algúns alumnos/as e non por outros mandaremos algunha ficha de reforzo utilizando a aula virtual para aqueles que o precisen.

#### **4. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA PARA A ELABORACIÓN DESTA PROGRAMACIÓN**

Tendo en conta o exposto na memoria final do curso pasado, debido a actual situación sanitaria, cómpre ter previsto que facer si se producen confinamentos.

Ao igual que fixemos dende o mes de marzo, procurárase dende principio de curso a comunicación dixital coas familias e co alumnado para que no caso de non poder asistir ao centro educativo sexa máis fácil a relación familia-escola. Ademais, isto é importante no noso día a día, sobre todo para poder reforzar a aquel alumnado que o precise.

Poñerase en marcha ademais a aula virtual do centro, que aínda que o ano pasado xa se empregou durante o confinamento, cómpre ter preparada para se fose preciso subir as tarefas para o alumnado de forma coordinada e clara.

As directrices da CCP que foron consideradas para a elaboración da programación foron as de reducir os contidos que se van impartir, debido a que as entradas, saídas e merendas adaptadas ao novo protocolo conlevan unha importante perda de tempo.

#### **5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A aprendizaxe por competencias está en auxe na actualidade debido a que propicia unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino aprendizaxe. Segundo o artigo 4.3.b. do **Decreto 105/2014**, pódese definir o termo competencias como: *“as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas*

*complexos*”. É dicir, o saber carece de importancia se o noso alumnado non sabe que facer con el. Polo tanto tamén debemos prestarlle atención ao saber facer e o saber ser para que as aprendizaxes adquiridas na escola cumpran a súa función na vida cotiá do alumnado. Unha vez especificado que entendemos por competencias, é preciso mencionar brevemente como vamos traballar cada unha das competencias clave dende esta programación. En todas as unidades didácticas traballaremos todas as competencias, vinculadas co resto de elementos: contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. A continuación coméntase cada unha:

❖ **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**: dende a área das linguas contribúese de forma directa ao desenvolvemento desta competencia, posto que se traballan as 4 destrezas lingüísticas básicas: escoitar, falar, ler e escribir en todas as unidades. No resto das materias tamén se traballa en profundidade como aparecerá recollido nas táboas do punto seguinte.

❖ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**: trabállase en maior medida co desenvolvemento dos contidos das áreas de matemáticas, ciencias da natureza e ciencias sociais.

❖ **Competencia dixital (CD)**: mellórase ao proporcionar coñecementos e destrezas para a busca, selección e tratamento da información que permite a comprensión e a composición de textos e co uso habitual na aula de soportes electrónicos como o ordenador, a cámara, as tabletas ou o encerado dixital. Veremos vídeos, realizaremos actividades interactivas, empregaremos apps como Kahoot, Toontastic...



❖ **Aprender a aprender (CAA):** A lectura posibilita o acceso ao coñecemento e a escritura permite a súa reelaboración e a súa asimilación persoal. Ademais as actividades que permiten traballar a atención e a memoria contribúen o seu desenvolvemento. Tamén a favoreceremos coa utilización de metodoloxías pouco directivas, que potencian a busca.

❖ **Competencias sociais e cívicas (CSC):** Desenvólvese a través do traballo cooperativo, xa que precisa de diálogo, empatía, solidariedade, comprensión e respecto e precisamos da lingua para poder comunicarnos cos demais e convivir con eles. Ademais contribuiremos a erradicar o uso discriminatorio das linguaxes.

❖ **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** como en todas as unidades se formulan actividades de consolidación nas cales o alumnado debe traballar de forma autónoma fomentaremos esta competencia durante todo o curso.

❖ **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** ademais de recoñecer a propia lingua como elemento cultural de primeira orde, o estudo da literatura na área das linguas cobra importancia para o fomento desta competencia. Favorecerase o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades tamén dende as áreas de ciencias sociais e valores sociais e cívicos principalmente.

Á hora de integrar todas as competencias clave na programación, tivéronse en conta as indicacións do artigo 5 do Decreto 105/2014, que indica que se potenciará o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística (CCL) e a matemática (CMCT). Tamén que deberán deseñarse

actividades de aprendizaxe integradas, que permiten ao alumnado desenvolver varias competencias ao mesmo tempo. **Para unha maior coherencia dos elementos, ditas competencias relaciónanse cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeles.**

## 6. PESO DOS ESTÁNDARES NAS COMPETENCIAS CLAVE.

Nos seguintes cadros aparecen reflectidos o número de estándares que abordan cada competencia clave por materias e o peso en tanto por cento de cada estándar para cada competencia (base 100).

CIENCIAS DA NATUREZA	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

adecuada alimentación coa propia saúde.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>

<b>Ciencias da natureza</b>	
<b>Competencias clave</b>	<b>Peso dos estándares</b>
Comunicación lingüística (CCL)	Aparece recollida en 7 estándares. Peso: 14,28%
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)	Aparece recollida en 20 estándares (concretamente trabállase en todos) Peso: 5%
Competencia dixital. (CD)	Aparece recollida en 2 estándares Peso: 50%
Aprender a aprender. (CAA)	Aparece recollida en 5 estándares Peso: 20%
Competencias sociais e cívicas. (CSC)	Aparece recollida en 11 estándares: Peso: 9,09%
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)	Aparece recollida en 5 estándares: Peso: 20%
Conciencia e expresións culturais. (CCEC)	Non aparece recollida en ningún estándar

<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	
<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

decisións e asume responsabilidades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE</b>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

temporais.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<b>Ciencias Sociais</b>	
<b>Competencias clave</b>	<b>Peso dos estándares</b>
Comunicación lingüística (CCL)	Aparece recollida en 18 estándares Peso: 5,55%
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)	Aparece recollida en 16 estándares Peso: 6,25%
Competencia dixital. (CD)	Aparece recollida en 3 estándares: Peso: 33,33%
Aprender a aprender. (CAA)	Aparece recollida en 9 estándares Peso: 11,11%
Competencias sociais e cívicas. (CSC)	Aparece recollido en 21 estándares Peso: 4,76%
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)	Aparece recollido en 2 estándares Peso: 50%
Conciencia e expresións culturais. (CCEC)	Aparece recollido en 3 estándares Peso: 33,33%

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación:               <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ - diálogos</li> <li>▪ -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos....</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>



axeitados aos seus gustos e intereses.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.4.1. Dedita, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda....</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>

<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	
<b>Competencias clave</b>	<b>Peso dos estándares</b>
Comunicación lingüística (CCL)	Aparece recollida en 58 estándares (Na totalidade dos da materia) Peso: 1,72%
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)	Non aparece recollida en ningún estándar desta materia
Competencia dixital. (CD)	Aparece recollida en 9 estándares Peso: 11,11%
Aprender a aprender. (CAA)	Aparece recollida en 32 estándares Peso: 3,12%
Competencias sociais e cívicas. (CSC)	Aparece recollida en 12 estándares Peso: 8,33%
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)	Aparece recollida en 6 estándares Peso: 16,67%
Conciencia e expresións culturais. (CCEC)	Aparece recollida en 7 estándares Peso: 14,28%

<b>MATEMÁTICAS</b>	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. NÚMEROS</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>

dominio dos contidos traballados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. MEDIDA</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.4.2. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. XEOMETRÍA</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

<b>Matemáticas</b>	
<b>Competencias clave</b>	<b>Peso dos estándares</b>
Comunicación lingüística (CCL)	Aparece recollida en 3 estándares Peso: 33,33%
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)	Aparece recollida en 32 estándares (Na totalidade dos da materia) Peso: 3,12%
Competencia dixital. (CD)	Aparece recollida en 1 estándar Peso: 100%
Aprender a aprender. (CAA)	Aparece recollida en 22 estándares Peso: 4,54%
Competencias sociais e cívicas. (CSC)	Aparece recollida en 1 estándar Peso: 100%
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)	Aparece recollida en 3 estándares Peso: 33,33%
Conciencia e expresións culturais. (CCEC)	Non aparece recollida en ningún estándar desta materia

LINGUA GALEGA E LITERATURA	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
- **Actividades de desenvolvemento:** nas que cuestionaremos os coñecementos previos ou ampliáremoslos. a través delas os alumnos póñense en contacto cos contidos. Lectura de cada unidade, clase expositiva do profesor, exercicios no caderno, individuais ou de grupo, con actividades de síntese –resumo de cada tema e actividades de memorización.
- **Actividades de consolidación:** nas cales aplicaremos os novos coñecementos adquiridos a diversas situacións. Realizaremos murais, pequenas investigacións...
- **Actividades de reforzo e ampliación:** darán resposta a diversidade de ritmos de aprendizaxe e intereses do grupo. Realizaremos xogos, fichas, actividades interactivas...
- **Actividades de avaliación:** permitirannos saber se o alumnado acadou os obxectivos previstos. Realizaremos cuestionarios e probas escritas ou orais ao final de cada unidade.

Tamén se poñerá en práctica o xogo como recurso metodolóxico en varias sesións e unidades didácticas. Cabe destacar que a súa utilización é recomendable en Educación Primaria, debido a moitas das súas características: divertido, evasivo, motivante...

Para levar a cabo as actividades empregaremos diferentes medios e recursos:

✓ **Recursos materiais:** que serán múltiples e variados. Contaremos con material manipulativo, material en formato papel ( fichas, cadernos, dicionarios...). As bibliotecas e os recursos TIC (o encerado dixital, ordenadores ou cámaras) tamén terán un papel importante dentro da aula.

✓ **Recursos organizativos:** a clase estará organizada de forma que se garden as distancias establecidas no protocolo a seguir. O alumnado terá unha mesa e unha cadeira designada e deberá sentarse de forma individual. Dentro deste apartado debemos facer referencia ás **pautas de actuación** que debemos seguir para atender os casos de NEAE presentes na aula. En concreto debemos preparar sempre a clase para evitar rutina e improvisación, dar explicacións breves, claras e concretas e crear un clima de atención, utilizar vocabulario axeitado segundo o nivel dos alumnos/as, basearase no reforzo positivo, incentivando ao alumnado, para motívalo e buscar actividades conectadas cos intereses dos alumnos/as.

✓ **Recursos persoais:** as familias teñen un papel importante dentro do proceso de ensinanza - aprendizaxe, polo tanto, propiciarase unha colaboración estreita entre estas e o centro. Comunicarémonos con elas con frecuencia mediante o correo electrónico e a aplicación ABALAR. En canto as

titorías dicir que seguen dispoñendo dunha hora semanal de atención, que en casos puntuais poderá ser presencial. Por outra banda a comunicación co resto do profesorado, co departamento de orientación e cos demais órganos dos que dispón o centro será fluída para propiciar un clima axeitado de convivencia.

## 12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN EMPREGAR

Os recursos empregados na aula para as diferentes áreas serán:

- Na área de Matemáticas:

-Solución de problemas. Método DECA. 2º Editorial Santillana.

-Material de elaboración propia.

- Na área de Lingua Castelá e literatura:

-Lengua 2 + Leo y comprendo. Pieza a pieza. Editorial Anaya.

-Comprensión Lectora 2º de Primaria. Editorial Santillana.

- Na área de Lingua Galega e literatura:

-Lingua 2º de primaria. Mochila Lixeira. Saber Facer Contigo. Editorial Santillana.

- Na área de Ciencias Sociais:

-Ciencias Sociais 2 (Galicia). Peza a peza. Editorial Anaya.

- Na área de Ciencias Naturais:

-Ciencias da Natureza 2 (Galicia). Peza a peza. Editorial Anaya.

- Na área de Valores Sociais e Cívicos:

-Recursos de elaboración propia.

- Na área de Relixión Católica:

-AMIZADE. 2º DE PRIMARIA. Editorial Anaya.

- Na área de Plástica:

-Arts & Crafts 2. Editorial ByME.

- Na área de Música:

-Recursos de elaboración propia.

- Na área de Inglés:

-HEROES 2 Pupil's Book e Workbook. Editorial MACMILLAN

- Na área de Educación Física:

-Recursos de elaboración propia.

- ❖ Outros materiais que empregaremos serán:

**-Observación directa:** demostracións das profesoras, obxectos ou información aportados polo propio alumnado...

**-Simbólicos:** libros de consulta ou representación gráfica en xeral...

**-De reciclaxe:** xornais, revistas...

Como recurso didáctico utilizaranse dun xeito habitual as seguintes webs:

<http://cillueca.educa.aragon.es/web%20lectura/web%20primaria/primaria.htm>

<http://www.ceiploreto.es/>

<http://segundodecarlos.blogspot.com.es/>

<http://www.actiludis.com/>

<http://algoritmosabn.blogspot.com.es/>

### **13. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

A avaliación é elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, permítenos recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Débese estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

#### **1.-FUNCIONES**

**Diagnóstico:** Información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, dos alumnos e das alumnas.

**Prognóstico:** Avance de expectativas sobre que pode ocorrer, para previr e resolver problemas.

**Adaptación:** Acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, con miras á máxima personalización do proceso educativo.

**Orientación:** Guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.

**Regulación:** Facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.

**Control:** Certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

#### **2.-OBJECTIVOS**

- Pescudar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumno e da alumna, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.
- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Avaliar axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.
- Coñecer exhaustivamente os elementos que integran o proceso educativo, en especial o alumnado, para poder elaborar diagnósticos o máis axustados posible.
- Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais, e solicitar a súa axuda.
- Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran.
- Prognosticar e orientar as posibilidades dos alumnos e das alumnas e previr o fracaso escolar.
- Coñecer a calidade da actuación docente, individual e grupal, e do sistema educativo.
- Establecer programas de reciclaxe ante a detección de malos resultados.

### 3.-MODALIDADES

Avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

Avaliación formativa - continua, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.

Avaliación sumativa, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

### 4.-CARACTERÍSTICAS

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.

- Refletir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global.

Para poder levar a cabo a avaliación é preciso determinar cales son os criterios de avaliación que teremos en conta para avaliar o alumnado. Estes aparecen recollidos no decreto 105/2014 e expoñémolos a continuación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>
Criterios de avaliación
<b>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.</li> <li>▪ B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</li> <li>▪ B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.</li> <li>▪ B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.</li> <li>▪ B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.</li> <li>▪ B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.</li> <li>▪ B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.</li> </ul>



<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>
Criterios de avaliación
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Traballar en equipo e adotar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.</li> </ul>
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima.</li> </ul>
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.</li> </ul>

<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>
Criterios de avaliación
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Aplicar, de xeito guiado, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas produción.</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Valorar textos como fonte de lecer e información.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Participar con interese en dramatizacións de sinxelos textos literarios adaptados á idade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.</li> </ul>

## MATEMÁTICAS

Criterios de avaliación

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.</li> </ul>
BLOQUE 2. NÚMEROS
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</li> </ul>
BLOQUE 3. MEDIDA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</li> </ul>
BLOQUE 4. XEOMETRÍA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Identificar e completar figuras simétricas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</li> </ul>
BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Realizar estimacións en situacións de azar utilizando o vocabulario: seguro, posible e imposible.</li> </ul>

<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>
Criterios de avaliación
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.</li> </ul>

<b>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</b>
Criterios de avaliación
<b>BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Empregar a aserción.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.</li> </ul>
<p>B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.</li> </ul>

Todos estes criterios aparecen concretados nos estándares de aprendizaxe en apartados anteriores desta programación, no cal se relacionan os mesmos cos demais elementos curriculares.

Tendo todo isto en conta resumimos a continuación os criterios de cualificación para cada área.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ÁREA	INSTRUMENTOS
LINGUAS: Galega e Castelá	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo de clase e da casa 50%</li> <li>• Controis 30%</li> <li>• Observación da execución das tarefas 10% (orde e limpeza, caligrafía, tempo de realización e autonomía)</li> <li>• Observación das actitudes 10% (atención, participación, interese, esforzo)</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo de clase e da casa 50% (números, cálculo, problemas e conceptos)</li> </ul>

Matemáticas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Controis 30%</li> <li>• Observación da execución das tarefas 10% (orde e limpeza, caligrafía, tempo de realización e autonomía)</li> <li>• Observación das actitudes 10% (atención, participación, interese, esforzo)</li> </ul>
Ciencias Naturais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo de clase e da casa 50%</li> <li>• Controis 30%</li> <li>• Observación da execución das tarefas 10% (orde e limpeza, caligrafía, tempo de realización e autonomía)</li> <li>• Observación das actitudes 10% (atención, participación, interese, esforzo)</li> </ul>
Ciencias Sociais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo de clase e da casa 50%</li> <li>• Controis 30%</li> <li>• Observación da execución das tarefas 10% (orde e limpeza, caligrafía, tempo de realización e autonomía)</li> <li>• Observación das actitudes 10% (atención, participación, interese, esforzo)</li> </ul>
Valores Sociais e Cívicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo de clase 70%</li> <li>• Observación da execución das tarefas 15%</li> </ul>



	(orde e limpeza, caligrafía e tempo de realización)
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación das actitudes 15%</li> </ul>
	(atención, participación, interese, esforzo)

## 14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación dos procesos de ensino aprendizaxe partírase dunha serie de indicadores de logro que serán avaliados coa finalidade de mellorar o proceso de aprendizaxe e a práctica docente.

<b>Criterios para avaliar a práctica educativa</b>	
<b>Indicadores de logro</b>	<b>Valoración</b>
<b>Proceso de Ensino- Aprendizaxe</b>	
Teño en conta os intereses iniciais do alumando.	1 2 3 4 5
Manteño o interese e motivación do alumnado tendo en conta as súas experiencias previas.	1 2 3 4 5
Deseño actividades de avaliación inicial para coñecer os coñecementos previos do alumnado respecto a un tema.	1 2 3 4 5
Propoño actividades variadas: de iniciación, desenvolvemento, consolidación, reforzo e ampliación.	1 2 3 4 5
Utilizo diversas metodoloxías: traballo cooperativo, tarefas integradas, proxectos...	1 2 3 4 5
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, prensa, obras literarias...)	1 2 3 4 5
Reviso e corrijo os contidos, actividades propostas, agrupamentos e materiais utilizados.	1 2 3 4 5
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, so seus ritmos de aprendizaxe, o grao de motivación... e adapto, en función deles, os distintos elementos do proceso de ensino	1 2 3 4 5

aprendizaxe.	
<b>Clima da aula</b>	
A relación co alumnado é de respecto, confianza e apoio.	1 2 3 4 5
Elaboro normas de convivencia coa aportación do alumnado e intento que todos as cumpramos.	1 2 3 4 5
Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto as súas suxerencias e aportacións para a organización das clases e as actividades.	1 2 3 4 5
<b>Estrutura e organización da aula</b>	
As actividades que deseño adáptanse ao tempo proposto.	1 2 3 4 5
Organizo diferentes agrupamentos (parellas, pequenos grupos, grupo aula) controlando o clima de traballo.	1 2 3 4 5
Utilizo os diferentes espazos cos que conta o centro (biblioteca, patio...)	1 2 3 4 5
<b>Avaliación</b>	
Aplico os criterios de avaliación cos seus correspondentes estándares poñéndoos en relación cos contidos.	1 2 3 4 5
Elaboro un perfil de área e pondero o valor de cada estándar.	1 2 3 4 5
Avalío as competencias clave por medio dun perfil competencial.	1 2 3 4 5
Cada unidade didáctica ten establecidos os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.	1 2 3 4 5
Utilizo diferentes técnicas e instrumentos de avaliación.	1 2 3 4 5
Corrijo os traballos do alumnado e dou pautas para a súa mellora.	1 2 3 4 5
Favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.	1 2 3 4 5
Informo ás familias sobre o rendemento do alumnado.	1 2 3 4 5
Fomento a obxectividade da avaliación facendo públicos os contidos, criterios, estándares e criterios de cualificación.	1 2 3 4 5
Teño en conta os criterios de cualificación establecidos.	1 2 3 4 5
Utilizo os resultados da avaliación para modificar os elementos do proceso de ensino aprendizaxe.	1 2 3 4 5

Avalío ao alumnado ao inicio de cada UD, durante e ao final da mesma.	1 2 3 4 5
<b>Coordinación</b>	
Manteño unha reunión ao comezo do curso para poñer en coñecemento das familias todo o relacionado co curso académico.	1 2 3 4 5
Establezo unha sesión á semana de tutoría para as familias ademais de facilitarlles outros momentos de comunicación.	1 2 3 4 5
Manteño reunións e traballo de forma coordinada cos demais mestres que imparten docencia ao meu grupo.	1 2 3 4 5

## **15. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Empregaremos un modelo de avaliación criterial, onde os resultados obtidos do curso actual serán comparados cos resultados obtidos no curso anterior valorando o progreso realizado e se acada de xeito satisfactorio os mínimos esixibles para cada curso.

Polo tanto, a superación da materia no actual curso suporía a recuperación da mesma, debido a que o traballo dos contidos deste curso está relacionado co anterior.

## **16. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial levarase a cabo nos primeiros días do curso. Servirá para planificar a intervención educativa a partires das capacidades e necesidades do grupo.

Deberá aportar:

- Información sobre o contexto escolar no que se move o alumnado (profesorado, recursos do centro ...)
- Datos relativos ao entorno sociofamiliar do alumnado (que expectativas se teñen do proceso de aprendizaxe, as posibilidades de axuda e colaboración da familia...)
- Coñecementos previos do alumnado e as súas competencias con respecto ao currículo (mediante probas orais e escritas)
- Axuda para definir a intervención educativa que se vai levar a cabo priorizando aqueles aspectos deficitarios precisos para o desenvolvemento das competencias clave.
- Información sobre as estratexias de aprendizaxe que o alumno emprega para a incorporación de coñecementos.

En definitiva, será o referente para contrastar os avances obtidos ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe levado a cabo.

Para realizar a Avaliación Inicial do grupo-clase utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Consulta do expediente académico do alumnado e informes previos dos distintos profesionais que atenderon ao grupo.
- Coñecemento das instalacións, materias e posibilidades humanas e materiais de que dispón o centro.
- Entrevistas coas familias.
- Probas orais e escritas, así como a observación directa do traballo do alumnado e as estratexias que emprega para realizalo.

## **17. MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS**

No alumnado con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conduta as adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.

2. Metodoloxía mais personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.

#### Alumnado con dificultades graves de aprendizaxe

- a) Facilitaranse contidos e material de ampliación, de ser precisos.
- b) Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, diante da imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais. Estas adaptacións serán significativas (supoñerán eliminación de contidos, obxectivos e os conseguintes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicas ou nucleares).

## **18. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Cando sexa necesario solicitarase axuda ao Departamento de Orientación.

A medida ordinaria básica é aplicar programas de reforzo nas áreas ou materias instrumentais básicas para o alumnado que se atope nalgunha das situacións seguintes:

- O alumnado que non promocionou.

- O alumnado que, aínda ascendendo de curso, non superou algunha das áreas ou materias instrumentais do curso anterior.
- O alumnado no que se detecten, en calquera momento do curso, dificultades nas áreas ou materias instrumentais.

## **19. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN 2º DE PRIMARIA.**

No artigo 11 do Decreto 105/2014 cítanse como **elementos transversais** a traballar en todas as áreas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Tamén están os **valores**, a desenvolver en todas as áreas. De xeito resumido, son: Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero, prevención e resolución pacífica de conflitos (xustiza, igualdade, paz, democracia...), prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, prevención do racismo e a xenofobia, desenvolvemento sostible e medio, riscos de explotación e abuso sexual, situacións de risco derivadas da utilización das TIC, protección ante urxencias e catástrofes, espírito emprendedor e iniciativa empresarial e educación e seguridade viaria.

Todos estes aspectos serán abordados dende todas as áreas.

## **20. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.**

Celebraranse as actividades establecidas na Orde na que se aproba o calendario escolar para o presente curso nos centros sostidos con fondos

públicos e todas aquelas que se consideren de interese e que estarán recollidas na PXA.

As conmemoración que se celebrarán serán as seguintes:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía.
- 3 de decembro de 2020. Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Do 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

Participarase ademais nas propostas levadas a cabo polos diferentes equipos de dinamización. Non se realizarán saídas fóra do centro por mor da pandemia e dos protocolos a seguir. Estas actividades poderán ser ampliadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso.

## **21. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento da programación na clase.
- Relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.
- Adecuación dos elementos curriculares coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

Ao final de curso farase unha memoria recollendo os resultados, que formarán parte da memoria do curso elaborada polo centro. Para a súa elaboración seguiranse as pautas marcadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.



# LINGUA ESTRANXEIRA

## **1.ª** **Introdución e contextualización**

Mestra: María Belén Abrales Castro.

Na materia de inglés contamos cos seguintes alumnos.

2ºA: 19 alumnos

2ºB: 18 alumnos

2ºC: 15 alumnos

## **2.- Aprendizaxes imprescindibles en termos de resultados de aprendizaxe non acadados en xeral polo alumnado do grupo ou que non se puideron desenvolver.**

A lingua inglesa en Educación Primaria trabállase dunha maneira globalizada e cíclica, polo que as aprendizaxes imprescindibles que non se acadaron revisaranse ao longo deste curso académico por medio das assembleas iniciais que se fan en cada sesión e dos distintos contidos que se van traballar.

## **3.- Procedemento previsto nesta programación para integrar, organizar e desenvolver as aprendizaxes non adquiridas do curso anterior que foron identificadas.**

PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, etc.	Participa na elaboración de glosarios ilustrados.
PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico traballado previamente de forma oral para posteriormente, lelo, copialo e asocialo á imaxe correspondente.

## 11.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía usada parte do contexto dunha cidade ficticia, onde viven tódolos personaxes, compartiremos a vida dos nenos que van ó colexio, visitan lugares dos arredores, como o parque, e participan en acontecementos sociais como o entroido ou un pícnic.

En canto ao vocabulario e a gramática, preséntanse oito palabras de vocabulario clave no principio de cada unidade, e catro ou cinco palabras máis xa avanzada a mesma. Todo o vocabulario está agrupado por campos semánticos relacionados co tema de cada unidade. Preséntanse cunha animación e a historia da unidade protagonizados polos personaxes do curso.

Posteriormente repásase e practícase cunha serie de xogos dixitais, actividades de comprensión oral e de exercicios de comunicación. Tamén se introduce catro palabras relacionadas con temas intercurriculares.

No que respecta ás destrezas, en todo momento téntase contribuir ó desenvolvemento das catro fundamentais (*reading, writing, listening e speaking*) de forma coordinada e integradas na ensinanza de contidos. A través dunha variedade de tarefas cunha metodoloxía moi sistemática, os alumnos progresan dunha práctica de comprensión oral a unha práctica de expresión oral; da práctica de expresión oral a unha práctica de comprensión escrita e da práctica de comprensión escrita á práctica de expresión escrita.

A través das historias os alumnos comparten as aventuras dos personaxes. Xogan un papel importante en relación ó desenvolvemento da linguaxe, dado que se revisan o primeiro bloque de vocabulario estrutura gramatical clave e ó mesmo tempo preséntanse o segundo bloque e estrutura gramatical no seu contexto. O primeiro contacto coas historia é a través dun xogo dixital no que poderán facer predicción, contribuíndo deste xeito ó desenvolvemento da lectoescritura.

En todas as unidades ofrécese a oportunidade de transferir o inglés para presentar contidos pertencentes a outras áreas do currículo: ciencias sociais e naturais, plástica, música e matemáticas. Desta forma consolídase conceptos traballados nestas materias e os alumnos aprenden a establecer conexións prácticas entre o contido doutras áreas e as estruturas e o vocabulario que están a aprender en inglés, trasladando as destrezas adquiridas dunha área a outra.

A actual experiencia dos nenos en relación coa música estase a converter cada vez máis nunha experiencia audiovisual, polo que se usarán preferentemente vídeos para que os nenos e nenas gocen das cancións. Ademais as cancións cobren unha grande variedade de xéneros musicais, especialmente deseñados para englobar a diversidade de estilos musicais que os nenos gozan na vida real.



As rimas ofrecen un apoio inestimable para a práctica do vocabulario e a gramática, xa que inclúen abundante repetición, e o seu uso do ritmo resulta de grande axuda para a memorización, polo que serán usadas en todas as unidades.

Os nenos e nenas, canto mais pequenos son, beneficianse dos métodos que asocian a linguaxe coas accións. Canto máis se relaciona a linguaxe corporal co proceso de aprendizaxe, máis probable é que os estudantes absorban e reteñan a información. Por tal motivo, ós nenos ensínaselles accións que acompañan ás cancións ou ás historias. Tamén terán a oportunidade de representar as historias e escenificar obras sinxelas. Un dos principais obstáculos para a aprendizaxe da linguaxe a calquera idade é a autopercepción. O teatro apela á imaxinación dos nenos e é unha maneira excelente de que se metan nas historias e melloren a súa habilidade comunicativa. Así, os nenos aprenderán a comunicarse e facerse entender, e desenvolverán destrezas que permitirán que se expresen cunha maior fluidez nas situacións reais cotiás ó practicaren na clase cunha historia antes de viviren a mesma situación nun contexto real.

Centrarémonos, tamén, en valores cívicos que cohesionan unha comunidade: axudarse uns a outros, coidar dos que o necesitan, reunirse para organizar eventos locais tales como unha festa ou un pícnic de barrio; tratando de formar a bos cidadáns. Realizaremos actividades para identificar actitudes positivas e outras menos desexables.

A metodoloxía está baseada nos seguintes principios:

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus coñecementos previos.** Centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos en diferentes contextos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón de aprender a aprender, aprender a convivir e aprender a facer.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.** Por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes,** por iso é importante traballar con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan atopar actividades nas que poder aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando a autoestima persoal e atendendo á diversidade da aula tanto con actividades de reforzo como de ampliación.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade.** Eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a, debendo iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** Os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso

natural de adquisición. Estes erros corríxiranse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** O feito de ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea: a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral, fai que a aprendizaxe da lingua se relacione coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida. Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

## **12.- Materias e recursos didácticos.**

Dispónse dos seguintes recursos materiais e dixitais:

- Asamblea introductoria deseñada pola propia mestra.
- O libro de texto utilizado é *Heroes 2* de Macmillan. O alumno dispón do *Class Book*, cunha unidade introductoria na que se presentan os personaxes do curso e o contexto, seis unidades con nove leccións cada unha, dúas páxinas de material sobre festividades e un *picture dictionary*. O mestre dispón da Guía didáctica, con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades iniciais, finais e extra, anotacións culturais, a versión solucionada das actividades do alumno, transcripcións das audicións, referencias ás competencias clave, *wordcards*, referencias ás *worksheets* e un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades, explicacións sobre os xogos do *iPack*; o

*Teacher's Resource CD-ROM* con *worksheets* para a práctica adicional de vocabulario e gramática para reforzar e estender o contido das *worksheets* das unidades principais, as de festividades, as historias extra, temas intercurriculares e as *worksheets* sobre festividades e os filmes culturais; material para a avaliación e o portfolio, os tests das unidades, anotacións sobre as competencias clave e as audicións e solucións para tódalas *worksheets*. E por último, os recursos na web *Macmillaneducationeverywhere* con práctica interactiva, para ser utilizados na casa o na aula.

- A maiores usaranse outros materiais dos que dispón o departamento como un banco de flashcards, libro de lectura, big books, xogos manipulativos, e asemade materiais existentes na rede, así como outros materiais dixitais elaborados polo profesorado como presentación, actividades tipo lim, cancións e vídeos que axuden ao desenvolvemento da actividade lectiva.

### **13.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

#### **13.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Teremos en conta a ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o primeiro curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

#### **▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- B1.1. Comprender o sentido xeral dos textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos cun ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.

- B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ó comportamento na aula.
- B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose nos elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.
- B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

- B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos ofrecendo información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.
- B2.2. Participar de maneira simple e comprensible nas conversacións que requiran un intercambio directo de información nas áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que ás veces a pronunciación non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.
- B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.
- B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipóteses para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.

- B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionadas coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.
- B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, mostrando unha entoación e pronunciación adecuadas.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e dos aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.
- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ó falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

- B5.1. O seu uso comunicativo.
- B5.2. Iniciar e terminar as interaccións adecuadamente.
- B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
- B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas ó tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor.
- B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos.
- B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.
- B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

- B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- B5.9. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais coma “e”/”ou”).
- B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel nos contextos comunicativos sinxelos.
- B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

### 13.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PRESENCIAL

Os criterios de cualificación dividiranse en cinco aspectos fundamentais: observación sistemática na aula, análise de producións escritas, análise de producións orais, traballo en grupo e probas específicas. Dentro de cada un destes apartados irán varios aspectos que se desenvolven na tabla adxunta, así como as porcentaxes que cada un destes aspectos ten como peso na nota final de cada avaliación.

<b>Criterios de cualificación</b>	<b>Aspectos a avaliar</b>
Observación directa 25%	Nivel de participación Interese Prestar atención
Probas 25%	Probas orais Probas escritas
Comportamento e conduta 25%	Corrección postural Capacidade de escoitar e deixar escoitar Respecto ao entorno social Respecto ao entorno físico
Traballos 25%	Libros e cadernos Limpeza dos traballos Finalización das tarefas Fichas Proxectos

Unha vez obtida a nota final do alumno na avaliación correspondente aplicarase o que indica o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 14 e ese resultado expresarase nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica sen decimais (se ao calcular a nota houberse decimais aproximaríase á unidade máis próxima), nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4); Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaliente (9 ou 10).

### 13.3.- CRITERIOS DE CUALIFICACION NON PRESENCIAL.

<b>Criterios de cualificación</b>	<b>Aspectos a avaliar</b>
Probas 25%	Probas orais Probas escritas
Traballos 75%	Limpeza dos traballos Entrega das tarefas en tempo e forma Nivel de interacción coa mestra

Ao igual que nos criterios de cualificación presencial aplicarase o que indica o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 14 e ese resultado expresarase nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica sen decimais (se ao calcular a nota houberse decimais aproximaríase á unidade máis próxima), nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4); Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaliente (9 ou 10).



## 14.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a practica docente.

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de clase.

Esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación de actividades e tarefas se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións. O diario de clase permítenos recoller información ao respecto do desenvolvemento das actividades, así como información sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado: trae o material, cumpre as normas de convivencia, citas coas familias.

Asemade teranse en conta os seguintes indicadores:

INDICADORES	SI	NON
As actividades propostas contribúen á adquisición dalgunhas competencias clave.		
A programación reflicte accións que contribúen á mellora da convivencia.		
Promóvese o uso das TIC.		
As estratexias metodolóxicas propostas fomentan o principio de inclusividade.		
As actividades do plan de reforzo e recuperación resultan atractivas para o ANEAE.		
Promóvese a lectura en lingua inglesa.		
Promóvese o uso da lingua galega para resolver as dúbidas con respecto á lingua estranxeira.		
A mestra promove un axeitado proceso de ensino-aprendizaxe co seu alumnado.		
A mestra permite que o alumnado a avalíe de forma creativa solicitando a seguinte consigna: Se a mestra fose un animal cal sería? debúxao		

## 15.- Organización de actividades de seguimento, recuperación e de avaliación das materias pendentes.

Utilizaremos un modelo de avaliación criterial, onde os resultados obtidos non curso actual serán comparados cos resultados obtidos no curso anterior

valorando o progreso realizado e se alcanza de xeito satisfactorio os mínimos esixibles para cada curso.

Polo tanto, a superación da materia durante o actual curso 20-21 suporía a recuperación da mesma, xa que na área de Lingua Estranxeira a consecución dos obxectivos e o traballo de contidos do presente curso con sempre os obxectivos e contidos do curso anterior.

## **16.- Deseño da avaliación inicial.**

A avaliación inicial faise para comprobar se foron alcanzados os obxectivos marcados nos cursos anteriores. Desta forma, componse dunha serie de exercicios cos que se valora a competencia acadada nas catro destrezas básicas: listening, speaking, reading e writing, baseada nos contidos dos cursos previos. O propio método propón un modelo de avaliación inicial, que pode ser modificado ou ampliado por parte da mestra que imparte a materia.

En función dos resultados obtidos, establécese o punto de partida do novo curso. Poderase facer un pequeno repaso e reforzo do que non se acadou antes de comezar co novo temario. Se houbera unha destreza menos dominada, durante o presente curso reforzarase a través de actividades externas ao libro de texto.

## **17.- Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.**

En función dos resultados obtidos na avaliación inicial, establécese o punto de partida do novo curso. Poderase facer un pequeno repaso e reforzo do que non se acadou, pero sí se impartiu antes de comezar co novo temario, no que se integrarán os contidos non impartidos. Se houbera unha destreza menos dominada, durante o presente curso reforzarase a través de actividades externas ao libro de texto.

## **18.- Medidas de atención á diversidade.**

A atención á diversidade ven xustificada polo feito de que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. Por esta razón, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. Cómpre ter presente estas diferenzas non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Co fin de respectar o diferentes ritmos e características de aprendizaxe, empregaranse actividades de reforzo e ampliación, segundo o caso, co alumnado que así o precise. Farase reforzo pola mestra nos casos de presentar algunha dificultade nun campo concreto, como pode ser o atitudinal.

As posibles adaptacións curriculares, de xurdir, do alumnado que as precise, centraranse nos seguintes aspectos:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

**a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirilles alcanzar o seu máximo potencial.

**b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con

aproveitamento nos seus estudos.

**c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais.

## 19.- Concreción dos elementos transversais.

Unidade	Elementos transversais	Obxectivos
Starter Unit.	Educación moral e cívica	Practicar saúdos e presentación amosando educación.
Unit 1	Educación medioambiental	Amosar a vontade de aprender sobre os distintos animais e como respectar o seu hábitat.
Unit 2	Educación para a saúde	Recoñecer formas de vida saudable
Unit 3	Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.	Concienciar da importancia de facer as cousas de xeito igual e de axudar na casa independentemente do sexo ao que pertenzas.
Unit 4	Educación para a saúde, educación moral e cívica e educación para o lecer.	Recoñecer os alimentos saudables como fonte de calidade de vida. Interesarse e respectar as opinións dos compañeiros, a súa lingua materna, acento, orixe...

Unit 5	Educación para a paz.	Amosar respecto polos compañeiros.
Unit 6	Educación para a paz e educación moral e cívica.	Respectar a forma de vestir de outras culturas.

## **20.- Actividades complementarias e extraescolares programadas.**

Ó longo do curso realizaranse as seguintes actividades complementarias:

- *Halloween*
- *Christmas*
- *Easter*

Tamén cabe a posibilidade de traballar outras conmemoracións tendo en conta as actividades do centro.

Este curso as actividades complementarias serán todas a nivel de aula debido a situación sanitaria que estamos vivindo.

## **21.- Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas.**

Para avaliar a propia programación, deberanse ter en conta, a fin de ter unha avaliación positiva de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento adecuado da programación.
- Relación entre os obxectivos e contidos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- Adecuación dos medios e metodoloxía ás necesidades reais.
- Grao de autonomía e esforzo na realización dos seus traballos.

Para a recollida desta información utilizaremos:

- Observación directa e sistemática do alumnado.
- Seguimento dos traballos realizados individualmente ou en grupo.
- Comprobación e interese da participación nas actividades individuais ou colectivas.
- Entrevistas ou diálogos directos cos titores/as dos alumnos.

Despois das avaliacións trimestrais, valoraranse as impresións obtidas, tanto acerca dos procesos como dos resultados, e será de utilidade para poder tomar medidas, flexibilizar e/ou modificar algún aspecto da presente programación. Teranse en conta os resultados dos alumnos, o cumprimento da temporalización, a comprensión dos contidos, e a propia práctica docente, que será avaliada seguindo os parámetros do punto seguinte.

# PLÁSTICA

## **1.- Introducción e contextualización**

A materia de Educación Artística (Plástica) levarase a cabo en inglés posto que está no programa de sección bilingüe.

Levarase a cabo con alumnos de 1º e 2º.

1º A: 21 alumnos

1ºB: 21 alumnos

1ºC: 18 alumnos

2ºA: 19 alumnos

2ºB: 18 alumnos

2ºC: 15 alumnos

Este curso contaremos ata o mes de febreiro cun auxiliar de conversa procedente dos Estados Unidos.

## **2.- Aprendizaxes imprescindibles....**

As aprendizaxes imprescindibles que non se acadaron revisaranse ao longo deste curso académico por medio dos distintos contidos que se van traballar.

## **3.- Procedemento previsto....**

Cando se detecte algún aspecto que non foi adquirido polos alumnos farase especial fincapé nese contido. Se dito contido foi adquirido por algúns alumnos e non por outros revisaremolos de forma xeral para todos.

## **5.- Contribución ao desenvolvemento das competencias crave.**

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un

proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

**1. Competencia en comunicación lingüística (CCL).** Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.

**2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).** A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

**3. Competencia dixital (CD).** Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

**4. Aprender a aprender (CAA).** É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativo para conseguir un obxectivo.

**5. Competencias sociais e cívicas (CSC).** Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrático na vida social e cívica.

**6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e cestionar proxectos.

**7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

## **6.- Peso dos estándares nas competencias crave**



ÁREA	EA	C_Clave
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	CCEC, CSC
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	CCEC, CSC
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial	CCEC, CAA
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	CCL, CCEC, CMCCT
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.3. Identifica os tamaños.	CCEC, CMCCT
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.	CCEC
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.	CCL, CCEC, CMCCT
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.	CCL, CMCCT
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.	CCEC, CMCCT
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.	CCEC, CMCCT
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.	CCL, CSIEE, CCEC
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo.	CAA, CCEC, CMCCT
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.	CCEC, CAA
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	CCEC
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.	CCEC, CSIEE
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	CCEC, CAA

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	CCEC
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.	CCEC, CAA
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	CCEC, CSIEE
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os tamaños.	CCEC
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	CCEC, CAA
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.	CCEC, CSC

Competencia clave	Peso dos estándares
Comunicación lingüística. (CCL)	Aparece recollido en 4 estándares
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)	aparece recollido en 7 estándares
Competencia dixital. (CD)	Non aparece recollido en ningún estándar
Aprender a aprender. (CAA)	Aparece recollido en 5 estándares
Competencias sociais e cívicas. (CSC)	Aparece recollido en 3 estándares
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (SIE)	Aparece recollido en 3 estándar
Conciencia e expresións culturais. (CCEC)	Aparece recollido en 21 estándares

A competencia que máis peso ten é o de conciencia e expresións culturais.

A competencia de comunicación lingüística soamente aparece recollido en 4 estándares aínda que o tratarse de plástica bilingüe terémolo presente en todas as sesións e terá o mesmo peso que o de conciencia e expresións culturais.

## 7.- Concreción dos obxectivos para o curso.

Os de etapa.

## 8.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable....

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN		UNIDADE DIDÁCTICA
	Trimestre	Sesións	
EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	Todos	35 sesións	Todas as unidades
EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	Todos	35 sesións	Todas as unidades
EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial	Todos	12 sesións	Unidade 3, unidade 5, unidade 8
EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	1º Trimestre	10 sesións	Unidade 1
EP1.3.3. Identifica os tamaños.	Todos	35 sesións	Todas as unidades
EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.	Todos	15 sesións	Todas as unidades
EP1.3.5. Nomea e reconece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.	2º e 3º trimestre	10 sesións	Unidade 5 Unidade 8
EP1.3.6. Reconece e nomea as principais partes da figura humana.	1º e 3º trimestre	6 sesións	Unidade 1 Unidade 9
EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.	Todo o curso	14 sesións	Todas as unidades
EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.	1º trimestre	10 sesións	Unidade 1
EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.	3º trimestre	3 sesións	Unidade 7 Unidade 8 Unidade 9
EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo.	Todos	5 sesións	Unidade 2, Unidade 4, unidade 5, unidade 7, unidade 8
EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.	3º trimestre	1 sesión	Unidade 9
EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	Todos	9 sesións	Todas as unidades
EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para	1º Trimestre	8 sesións	Unidade 1 Unidade 2

completar debuxos.			Unidade 3
EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	Todos	12 sesións	Todas as unidades
EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	Todos	9 sesións	Todas as unidades
EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.	Todos	3 sesións	Unidade 3, unidade 5 e unidade 8
EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	Todos	9 sesións	Unidade 3, 6 e 9
EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os tamaños.	1º trimestre	2 sesións	Unidade 2
EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	1º e 2º trimestre	6 sesións	Unidades 1, 2, 3, 4,5 e 6
EPB2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.	Todos	35 sesións	Todas as unidades
EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	Todos	35 sesións	Todas as unidades
EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	Todos	35 sesións	Todas as unidades
EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial	NON	NON	NON
EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	Todos	9 sesións	Todas as unidades
EP1.3.3. Identifica os tamaños.	Todos	10 sesións	Todas as unidades
EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.	Todos	Todas	Todas as unidades

Nunha mesma sesión traballaremos varios estándares de aprendizaxe

## 9.- Relacionar unidades didácticas co currículo.

ÁREA	CONTIDOS	UNIDADE	MÍNIMO ESIXIBLE	TEMPO EN HORAS
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	<p>B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno.</p> <p>B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo.</p> <p>B1.3. Satisfacción na manipulación e na exploración de diferentes materiais.</p> <p>B1.4. Interese por usar adecuadamente os instrumentos, os espazos etc.</p> <p>B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico</p> <p>B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</p> <p>B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos ou sinais.</p> <p>B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas.</p> <p>B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas.</p> <p>B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera.</p> <p>B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.</p> <p>B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.).</p>	Todas	<p>Observar distintas obras plásticas.</p> <p>Expresar os sentimentos que nos produce.</p> <p>Reproducir obras plásticas. Experimentar con distintos materiais e cores.</p> <p>Comparar obras plásticas.</p> <p>Expresar os sentimentos que nos producen. Describir paisaxes, cadros, esculturas...</p> <p>Presentar e falar sobre distintos pintores e as súas obras.</p> <p>Expresar os sentimentos que lle produce o pintor e as súas obras.</p> <p>Reproducir obras plásticas.</p> <p>Observar distintas formas de facer obras plásticas.</p>	22
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	<p>B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.</p> <p>B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.</p> <p>B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.).</p> <p>B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras.</p> <p>B2.5. Manipulación adecuada de</p>	Todas	<p>Reproducir obras plásticas. Elaborar producións propias.</p> <p>Elaborar obras plásticas propias.</p> <p>Reproducir obras de distintos pintores.</p> <p>Reproducir obras plásticas Elaborar obras plásticas propias.</p>	15 horas

	materiais, instrumentos e espazos.			
--	------------------------------------	--	--	--

## 10.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable do grao mínimo de consecución para superar a materia.

EA	Mínimo exigible
EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	Valorar a expresión plástica
EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	Coidar o material.
EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial	Diferenciar os distintos materiais.
EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	Identificar formas básicas (círculo, cadrado, triángulo)
EP1.3.3. Identifica os tamaños.	Diferenciar grande de pequeno.
EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.	Distinguir as cores.
EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.	Distinguir formas xeométricas.
EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.	Recoñecer as partes do corpo.
EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.	Recoñecer círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.	Recoñecer liñas abertas e pechadas.
EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.	Valorar as creacións propias e as dos demais.
EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo.	Diferenciar as formas de representación de obxectos.
EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.	Distinguir o que está diante e detrás.
EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	Utilizar distintos recursos nas creacións plásticas.
EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.	Elaborar debuxos empregando liñas.
EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	Crear obras plásticas empregando distintos tipos de materiais.
EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	Colocar elementos diante e detrás.
EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.	Recoñecer formas xeométricas básicas.
EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	Utilizar distintas técnicas para a elaboración de obras plásticas.
EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os tamaños.	Diferenciar grande de pequeno.
EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha	Reproducir imaxes.

presentación audiovisual.	
EPB2.3.1. Respeita as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.	Respectar as normas.

## **11.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

Emprego dun estilo educativo asertivo. Practicarase unha actitude comprensiva coas posibilidades e características do alumnado, buscando a súa mellora permanente e guiando as súas aprendizaxes. Como reforzo do esforzo, da conduta adaptativa ou do traballo ben feito usarase fundamentalmente o eloxio constante, ao mesmo tempo que se ignora ou se reprende o comportamento inadecuado. Esta discriminación condutual, xunto co trato respectuoso e xusto favorecerán a autoestima, o rendemento escolar e a convivencia pacífica, contribuíndo ao desenvolvemento do clima escolar necesario.

Procura de aprendizaxes significativos. Nas diferentes unidades de ensino-aprendizaxe procurarase sempre:

- Que os contidos sexan lóxicos e coherentes, con estrutura e vocabulario adaptados ao alumnado ao que se dirixen.
- Que o alumnado teña os coñecementos previos necesarios para comprender os novos contidos e que aqueles estean activados.
- Que o alumnado teña a predisposición, a actitude, o interese e a motivación necesarias para interactuar cos contidos que lle propoñemos.

Desenvolvemento de traballo por proxectos e traballos de investigación. Sen esquecer as aprendizaxes por recepción, baseadas nas explicacións e na presentación de contidos por parte do profesorado, iranse promovendo traballos nos que, coa guía do profesorado, será o alumnado (só ou en cooperación cos seus compañeiros) o que busca a información, a traballa e elabora con ela algún tipo de produto, que presenta aos demais. A biblioteca e as TIC serán recursos fundamentais para o desenvolvemento destes traballos.

Metodoloxías activas. O alumno non pode quedarse nunha recepción pasiva de coñecementos. Promoverase a actividade mental do alumno, que deberá

traballar a información que recibe, enlazándoa cos seus coñecementos previos, dándolle sentido, esforzándose por entendela e buscando un cambio nos seus esquemas de coñecemento.

Atención á diversidade. Teranse en conta as peculiaridades (ritmos e estilos de aprendizaxe, capacidades, etc.) de cada grupo e de cada neno/a concreto. Cada alumno ten as súas necesidades educativas e algúns presentan necesidades educativas especiais que deberán ser atendidas.

Contribución ao desenvolvemento da capacidade “de aprender a aprender”. As unidades de ensino-aprendizaxe que se desenvolven no centro irán encamiñadas a que o alumnado aprenda a regular os seus propios procesos de aprendizaxe, é dicir a planificar, supervisar e avaliar o seu comportamento cando se enfronta a calquera tarefa escolar.

Cooperación e complicitade coas familias do alumnado, como requisito de primeira orde para conseguir os obxectivos educativos do currículo escolar.

## **12.- Materias e recursos didácticos.**

Ten un papel moi importante a incorporación das TIC no proceso de ensino - aprendizaxe, que proporciona diversos recursos materiais axustándose ás necesidades de cada momento. As aulas dos grupos, onde se levarán a cabo as sesións de Educación Artística – Plástica no primeiro nivel, están dotadas con ordenador, proxector e conexión a Internet. O alumnado terá tamén á súa disposición material funxible suficiente para desenvolver a materia satisfactoriamente. En canto ao material físico do alumnado, cada un disporá dun libro de plástica bilingüe.

## **13.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Os criterios de cualificación dividiranse en cinco aspectos fundamentais: observación sistemática na aula, análise de producións escritas, análise de



produccións orais, traballo en grupo e probas específicas. Dentro de cada un destes apartados irán varios aspectos que se desenvolven na tabla adxunta, así como as porcentaxes que cada un destes aspectos ten como peso na nota final de cada avaliación.

### 13.1.- Criterios de avaliación presencial.

<b>Criterios de cualificación</b>	<b>Aspectos a avaliar</b>
Observación directa – Comportamento e conduta 40%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nivel de participación</li> <li>- Gusto por tentar usar a lingua inglesa</li> <li>- Capacidade de escoitar e deixar escoitar</li> <li>- Respecto ao entorno social e físico</li> <li>- Responsabilidade e interese na materia</li> <li>- Limpeza dos traballos e do espacio</li> <li>- Finalización das tarefas</li> </ul>
Traballos 60%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fichas</li> <li>- Proxectos</li> <li>- Traballo individual</li> </ul>

A cualificación desta materia fai media coa de Música. Xuntas conforman a área de Educación Artística.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

	OBSERVACIÓNS
Como se resolveron os problemas que xurdiron?	
Que actividades causaron problemas?	
Que actividades conviría cambiar ou suprimir?	

Avaliarase ao profesor a través dun rexistro ou lista de control:

<b>Lista de control ou autoavaliación do profesorado</b>	Si	Non	Ás veces
Realizouse a programación de aula secuenciando os contidos e actividades segundo o previsto?			
Establecéronse criterios de avaliación e indicadores acorde cos obxectivos e contidos establecidos e secuenciados?			
Producíronse desordenes, altercados, descontrol, etc, durante o desenvolvemento das sesións?			
Analizáronse as causas?			
Solucionáronse?			
Foi suficiente e eficaz?			
Establecemos a posibilidade de seguir distintos ritmos de aprendizaxe?			
Establecemos as correspondentes adaptacións ordinarias específicas?			
Tívoise a axuda suficiente, tanto no deseño das adaptacións como na realización do plan cos alumnos con necesidades educativas específicas do DO/PT/educadores?			
Establecéronse as pertinentes actividades de ampliación e reforzo para os alumnos que teñen dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos?			

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de aula, nel detállase o avance progresión ou dificultades no desenvolvemento da programación didáctica, esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións. Finalmente, como evidencia da avaliación final da programación elaborárase a memoria final de curso.

## **12.- DESEÑO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.**

As probas de Avaliación Inicial parten dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debe ter adquiridos o finalizar o curso anterior.

Realizaremos unha serie de actividades tratando de evitar en todo momento que o alumno as viva coma un exámen. As probas terán un carácter aberto o que permitirá que uns alumnos axuden a outros, tendo en conta que a finalidade en sí é descubrir como están afianzados os contidos do ciclo anterior.

Empregaremos unhas follas de rexistro unha a nivel individual e outra a nivel grupal.

Actividades tipo para os primeiros días de clase na que se levará a cabo a avaliación inicial:

Se repartirá unha serie de láminas entre os alumnos/as coa seguinte consigna : "fíxate nestes debuxos, colorea de amarelo todas as cousas que nos regala a natureza e de laranxa as que as persoas poidamos crear ou fabricar...

Proxectaremos unha serie de imaxes e os rapaces dirán que actitudes lles parecen que son as que Xesús aprobaría e cales non , a continuación establecerei un diálogo de porque pensan iso.

Recordar algún persoaxe relacionado coa vida de Xesús.

## **13.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Atendendo ás diversas individualidades o profesor presentará actividades variadas que respondan aos diversos estilos, de xeito que todos os alumnos se sintan motivados e incluídos. Así, combinará actividades de traballo en equipo, nas que o alumno se sinta conectado cos demais con outras tarefas individuais de traballo en solitario; actividades con certa carga teórica con outras máis pragmáticas e que respondan a unha necesidade inmediata; actividades que requiran ocupar o primeiro plano (dramatizacións, moderar un debate...) con outras que non esixan mostrarse ou asumir roles; actividades dinámicas, espontáneas e orixinais con outras que impliquen maior nivel de preparación e reflexión; etc.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

Asemade, combinaranse procedementos e instrumentos de avaliación variados que respondan aos diferentes estilos de aprendizaxe: probas de resposta aberta e de amplo contido con outras de resposta breve e concisa, con tests ou realización de traballos.

Ao final de cada unidade didáctica e como medida ordinaria, presentaranse un abano de actividades de mellora e ampliación cun nivel de execución máis complexo para aqueles alumnos con maiores capacidades, e outras actividades de reforzo educativo para aqueloutros cun ritmo de aprendizaxe máis lento.

A avaliación inicial, que se realiza a principio de curso, xunto coa avaliación final do curso precedente permitiranos valorar os alumnos cuantitativa e cualitativamente desde o comezo e coñecer os alumnos con necesidades educativas especiais.

No caso de detectarse alumnos con dificultades específicas e que requiran unha atención específica, o profesor titor cumprimentará unha ficha rexistro na que se recolla as dificultades que detecta no alumno e solicitará un estudo psicopedagóxico, para que sexa o departamento de orientación ou os equipos específicos de apoio quen valoren a situación e propoñan as pautas e as medidas de reforzo educativo e de intervención que se consideren máis convenientes.

Estas medidas poden ser tanto curriculares como organizativas. Entre as medidas organizativas prevese realizar apoios, que poden ser dentro ou fóra do grupo ordinario e serán levados a cabo polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou calquera outro docente con disposición horaria que atenderán a alumnos doutros grupos do mesmo nivel. Pódense tamén facer agrupamentos flexibles. Entre as medidas curriculares contémpanse adaptacións curriculares individualizadas.

O alumnado de orixe estranxeira que descoñeza o idioma recibirá atención lingüística por parte do profesorado de necesidades específicas.

Cando as actividades de recuperación non dean o resultado esperable adoptarase a decisión de repetición ordinaria de curso.

Cando se detecten alumnos con dificultades de aprendizaxe debidas tanto a ausencias prolongadas por enfermidade como visitas ao lugar de orixe do alumnado inmigrante ou calquera outro motivo, tomaranse as medidas de reforzo necesarias que consistirán, nalgúns casos, en planificar e preparar traballo para que o alumno faga durante a súa ausencia da escola e, noutros casos, en recuperar a materia perdida á súa volta.

No que respecta ao alumnado con altas capacidades intelectuais, tomaranse as medidas máis axeitadas para o seu desenvolvemento e equilibrio persoal entre as que se atopan a de adiantar un curso ou ben enriquecer o currículo nos termos que estableza a Consellería de Educación.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

## **14.- PARTICIPACIÓN DE PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO**

O intercambio de información entre profesores e pais/nais é fundamental, en moitos casos, para comprender os procesos polos que están atravesando os alumnos. Ademais unha implicación – non proteccionista- por parte dos pais favorece unha maior autoestima para o alumno e supón un recoñecemento para o profesor.

É polo que, ademais da reunión colectiva dos titores cos pais e nais dos seus alumnos a principio de curso na que se lles informa sobre aspectos organizativos, dedicárase unha hora semanal (os martes de 16:00 a 17:00 h de maneira ordinaria) á atención particular de aqueles que o soliciten, ou ben a instancias do propio profesor.

Nestas reunións, intercambiarase información sobre a situación persoal e académica dos alumnos e, no caso de que o precisasen e, se cómpre, solicitaríase axuda ás familias pautando un traballo controlado e programado de apoio coas tarefas planificadas para a aula. Ademais, terán acceso ás probas e a calquera tipo de traballos creados especificamente para a avaliación

Asemade, os pais terán acceso, cando o estimen oportuno, á programación didáctica e, polo tanto, aos criterios que se apliquen para avaliar, co fin de garantir o dereito dos alumnos a que o seu rendemento sexa valorado coa maior obxectividade posible.

## **15.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Participaremos dende a área de relixión nas distintas actividades que se organicen a nivel de centro como a celebración do Día da Muller traballadora, no festival de nadal e antroido, na celebración do Día da Paz , o Dia contra a violencia de Xénero, así como nos proxectos que se levan a cabo a nivel de centro como poden ser os proxectos organizado dende a biblioteca, e os do departamento de NL e propostas do departamento de orientación os que faremos aportación dende esta área como vimos facendo os cursos anteriores.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

## **16.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Partindo da base que a avaliación serve como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe, considero que non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha banda, indicando que obxectivos conséguense e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de aula, nel detállase o avance progresión ou dificultades no desenvolvemento da programación didáctica, esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións. Finalmente, como evidencia da avaliación final da programación elaborárase a memoria final de curso.

**MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS.  
CEIP-O COTO-NEGREIRA**

# PROGRAMACIÓN DIDACTICA

## Educación musical 20/21





# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. A LOMCE E O CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
3. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
5. ENSINANZAS TRANSVERSAIS
6. BLOQUES DE CONTIDOS
7. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
8. METODOLOXÍA
9. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS
10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE
15. ACTUACIÓN DURANTE UN POSIBLE CONFINAMENTO

# 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Esta programación levarase a cabo ao longo do curso 2020- 2021, partindo duns condicionantes, que poderán ser modificados dependendo das circunstancias de organización, respostas do alumnado, actividades externas....

A música está presente nas nosas vidas e forma parte do desenvolvemento artístico do alumnado de primaria. O propósito principal será o de favorecer a percepción e expresión musical, mediante actividades de escoita, de interpretación e de creación musical. As sesións serán o máis participativas posible.

Deseñamos esta programación, non só porque é a primeira das funcións do profesorado, senón porque programar aumenta a calidade educativa ao fixar uns fins, evitar a improvisación e adaptarse ao contexto no que se vai desenvolver.

O documento deriva dos obxectivos xerais da Etapa de Primaria formulados na LOMCE, e neles baseámonos para a selección e secuenciación de contidos, formulación de obxectivos e criterios de avaliación.

O CEIP “O COTO” está ubicado en Negreira, capital do Concello da comarca do Barcala. Ten unha poboación de 7.000 habitantes dos cales dous terzos están repartidos nas parroquias do medio rural.

A economía susténtase nos sectores agrario, gandeiro, e forestal. A industria ten escasa importancia agás a Cooperativa Feiraco de Negreira.

O sector terciario ocupa un 33% da poboación activa.

O Centro ten 7 unidades de Infantil e 18 de Primaria.

## 2. A LOMCE E O CURRÍCULO DE EP

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

A LOMCE modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **O currículo está integrado por:**

- Os obxectivos da etapa educativa.
- As competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

- A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes coma a organización do traballo do persoal docente.
- Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis.
- Os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

O currículo, así mesmo, regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as competencias clave nas diferentes áreas.

A nova configuración curricular establece o agrupamento de **disciplinas en tres bloques**: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

A Educación Musical é unha das partes nas que se divide a área de Educación Artística, e encádrase dentro do bloque de disciplinas específicas. Está dividida en tres bloques: o primeiro referido á escoita, en que o alumnado indagará nas posibilidades do son; o segundo bloque comprende o desenvolvemento de habilidades para a interpretación musical; o terceiro bloque é o destinado ao desenvolvemento de capacidades expresivas e creativas desde o coñecemento e práctica da danza.

### 3.OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

#### 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo da Educación Primaria son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

**Referidas á competencia en comunicación lingüística:**

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación

**Referidas á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática dos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

**Referidas á competencia dixital:**

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasete, cd, reprodutores mp3, mp4 ...
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...

3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

**Referidas ás competencias sociais e cívicas:**

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibición.

**Referidas á conciencia e expresións culturais:**

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara as fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.



7. escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material do corpo vibrante e na súa procedencia.
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

**Referidas á competencia para aprender a aprender:**

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas.
4. Ter curiosidade e interese na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.

**Referidas ao sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías.
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos colectivos sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.

6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.

7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.

## 5. ENSINANZAS TRANSVERSAIS

- Empregar o corpo e o movemento como bases dun modo de comunicación entre distintas culturas.
- Valorar o patrimonio cultural galego.
- Apreciar a eficacia persoal nas actividades en grupo.
- Valorar e coidar os instrumentos empregados na clase.

Por tratarse esta dunha materia na que a maioría das actividades se desenvolven de xeito grupal, poremos especial atención nos seguintes:

- Fomentárase a **calidade, equidade e inclusión** educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade.
- Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a **igualdade efectiva entre homes e mulleres** e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia.
- Evitaranse os comportamentos, **estereotipos e contidos sexistas**, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 6.BLOQUES DE CONTIDOS

- **Bloque 1. A escoita.** Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que proceden do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.
- **Bloque 2. A interpretación musical.** O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.
- **Bloque 3. A música, o movemento e a danza.** Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

## 7. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</li> <li>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</li> <li>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</li> <li>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.</li> <li>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	Amosa interese por manipular e xogar cos sons.
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Representa gráfica ou corporalmente as seguintes calidades do son: altura, duración e intensidade
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Interésase por coñecer sons do seu contexto.
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Distingue as voces masculinas e femininas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	Respecta os tempos de silencio así como as intervencións dos compañeiros e

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
					compañeiras.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.</li> <li>▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.</li> <li>▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<p>Recoñece unha selección de pezas breves.</p> <p>Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.</li> <li>▪ B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</li> <li>▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</li> <li>▪ EMB1.4.3. Coñece e respecta as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<p>Representa a través do movemento os sentimentos que despertou a audición musical.</p> <p>Coñece o vocabulario básico da linguaxe musical.</p> <p>Coñece e respecta as</p>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
			normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.		normas de comportamento en concertos.
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.</li> <li>▪ B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.</li> <li>▪ B1.15. Forma musical: repetición e contraste.</li> <li>▪ B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.</li> <li>▪ B1.17. Pulso e acento. Compás binario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.</li> <li>▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<p>Coñece e representa elementos básicos da linguaxe musical: longo, curto; rápido, lento; forte, piano; son, silencio; agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.</p>
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<p>Coñece as familias de instrumentos.</p>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>					

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
▪ j	▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.	▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	▪ CMCCT ▪ CCEC	Repite esquemas rítmicos.
▪ j ▪ k	▪ B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. ▪ B2.5. Imitación de fórmulas melódicas. ▪ B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.	▪ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	▪ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.  ▪ EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	▪ CCEC ▪ CSC  ▪ CAA	Interpreta en grupo ao unísono cancións sinxelas.  É consciente da importancia de realizar unha correcta respiración.
▪ j ▪ b	▪ B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas. ▪ B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional	▪ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	▪ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.  ▪ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	▪ CCEC ▪ CMCCT  ▪ CCEC	Le pequenos esquemas rítmicmelódicos con brancas, negras e silencio de negra,

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.</li> <li>▪ B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</li> <li>▪ B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> <li>▪ B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.</li> <li>▪ EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	engadindo a clave de sol.
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.</li> <li>▪ B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.</li> <li>▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.</li> <li>▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Responde a estímulos sonoros e exprésase a través do movemento e a danza.



**TEMPORALIZACIÓN:** os tres bloques de contidos trabállanse conxuntamente ao longo do curso escolar.

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

PROCEDEMENTOS			
	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática
I N S T R U M E N T O S	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</li> <li>Actividades de avaliación (fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...)</li> <li>Traballos de grupo na interpretación de pezas instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preguntas individuais e en grupo.</li> <li>Intervencións na clase.</li> <li>Probas orais individuais</li> <li>Postas en común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Rexistros de incidencias</li> <li>Ficha de rexistro individual do traballo na aula, participación, achega de material, etc.</li> <li>Rexistros dos resultados das probas escritas (de ser o caso) e orais.</li> </ul>

## **AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE**

A observación directa e sistemática convértese nun elemento de primeira orde, permitíndonos realizar un seguimento continuo do proceso educativo, valorando e axustando a intervención en función dos datos obtidos, da reflexión persoal e o contraste de experiencias. Igualmente as entrevistas coas familias, o diario de aula, a análise dos produtos do traballo diario e as probas orais, de carácter prácticas e escritas permitirán recoller de xeito organizado información individual sobre o devandito proceso proporcionando datos globais e pautas de actuación con cada alumno.

A avaliación entendémola como continua, global, formativa e integradora e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas do currículo. Serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Contemplamos a avaliación do seguintes xeito:

**Avaliación inicial:** achega datos o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e as características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.

**Avaliación formativa:** concede importancia á evolución ao longo do proceso, indicando unha visión das dificultades e progresos de cada alumno/a.

**Avaliación sumativa:** establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos. Será **individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno partindo da súa situación inicial; **integradora**, para o que se contempla a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación; e **orientadora**, dado que achega ao alumnado a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias axeitadas.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

1. O 40% da cualificación corresponderase coa valoración dos seguintes aspectos: Actividades diarias: fichas, práctica instrumental e vocal individual ou colectiva... Achega do material axeitado e coidado do mesmo.
2. O 30% da cualificación valorará o esforzo, a atención e o interese, así como o comportamento e o cumprimento das normas.
3. O 30% restante corresponderase coa valoración das distintas interpretacións con percusión corporal e das probas escritas.

## **PROCEDIMENTO PREVISTO NESTA PROGRAMACIÓN PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.**

Todos os contidos que se pretendían traballar en primeiro foron traballados, pero polas circunstancias do terceiro trimestre do 19-20 falta reforzo e afianzamento nesos contidos. Polo que se terá en conta no primeiro trimestre do curso actual, práctica habitual como xa se viña facendo nos cursos anteriores, comezar o curso repasando e afianzando os contidos aprendidos anteriormente.

## **8. METODOLOXÍA**

### **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

De acordo co Decreto 105/2014, as Orientacións Metodolóxicas para a Educación Primaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os principios metodolóxicos que sustentan o tratamento desta programación son o enfoque globalizador e a consecución dunha aprendizaxe significativa. O enfoque globalizador supón a busca de conexións entre os diferentes contidos que adquiren sentido ao saír dun

lugar común: a experiencia real e directa dos nenos e nenas. A aprendizaxe significativa require que os nenos e nenas establezan relacións entre as súas experiencias previas e as novas aprendizaxes mediante actividades que teñan interese e sentido e partan da súa vida cotiá. É preciso, polo tanto, considerar como outro dos eixes claves o tratamento da diversidade. Isto deriva nun ensino verdadeiramente individualizado que atenda as diferenzas persoais, e polo tanto esta programación articula medidas para dar resposta ás particularidades do grupo: emprego dos materiais e instrumentos que máis se axusten ás súas capacidades, diversificación de tarefas, creación e modificación de grupos de traballo cooperativo (ofrecendo modelos de agrupamento variados e flexibles), modificación dos tempos nas actividades e adaptación aos seus ritmos particulares.

Deste xeito, a metodoloxía a seguir é globalizada, **partindo da motivación, o interese e as inquietudes dos nenos e nenas**; activa, para permitirlle ao neno ser o axente da súa propia aprendizaxe a través da observación, experimentación, investigación e expresión; lúdica, xa que vai conducida a través do xogo; afectiva, a través dun clima de confianza e respecto para darlle ao alumnado seguridade e equilibrio necesarios para a formación e asentamento da estima en si mesmo; creativa, fomentando a autonomía e a produción propia; e participativa, socializada e comunicativa.

A Educación Musical é unha materia clave para conseguir unha boa interacción dos alumnos dentro do grupo-clase, polo seu carácter dinámico e grupal. Quérese dicir con isto que, na maior parte das actividades que se levan a cabo, a realización e o éxito individual pasa forzosamente por colaborar e traballar na mesma dirección co resto do grupo, polo que o respecto e a axuda dos e aos demais vai ser unha constante dentro da aula. Empregaranse diversas metodoloxías de diferentes pedagogos musicais como son Orff, Kodaly, Willems, Wuytack, etc., polo que terase en conta a participación, a creatividade, a imaxinación e o carácter lúdico, características recollidas nas citadas metodoloxías.

## 9. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

No presente curso académico non é necesario falar de organización de espazos, xa que as clases de música levaranse a cabo na aula ordinaria dos alumnos, sendo o profesor o que se traslade de aula en aula.

## 10. MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

Na materia de música non utilizamos libro de texto, os materiais escritos son elaborados polo profesor e entregados en fotocopias os alumnos. Neste curso escolar, onde as clases se levaran a cabo na aula ordinaria, os materiais a utilizar serán:

- Ordenador con autofalantes.
- Proxector
- Frauta (utilizarémola para aprender a dicitación, pero non soarán na aula)
- Guitarra
- Palillos chinos (para algún exercicio de percusión)
- CD
- Audicións, vídeos, e diferentes recursos de internet como complemento da actividade educativa

## 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a atención a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos.

- ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA: Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que os requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades específicas de apoio educativo e altas capacidades) con fichas de reforzo e/ou ampliación.
- ACTIVIDADES MULTINIVEL: Posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

## 12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Participarase activamente nas actividades propostas polo EDLG para desenvolver o plan de fomento do uso do galego. Nas diferentes conmemoracións participarase dende a aula de música dando maior peso ao repertorio musical tradicional galego.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Se a situación actual o permite, asistirase a concertos didácticos no Auditorio de Santiago de Compostela e no auditorio de Negreira, así como a outros que poidan xurdir ao longo do curso.

## 14. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

Seguindo as directrices acordadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica elaboráronse os documentos que seguen, co fin de avaliar a práctica docente e a propia programación, tendo en conta estes indicadores:

- ✓ As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- ✓ As medidas de atención á diversidade.
- ✓ A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos e os procedementos de avaliación do alumnado.
- ✓ A coordinación dos mestres e mestras do equipo docente.

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				



9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.-Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
10.-Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.-Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
<b>Práctica docente:</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				

13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

Avaliación da programación			
Obxectivos:	Si	Non	Propostas de Mellora
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos do curso?			
Están secuenciados con respecto ao nivel anterior?			
Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?			
Fan referencia ás competencias coas que a nosa materia se relaciona?			
Contidos:	Si	Non	Propostas de Mellora
Están secuenciados con respecto aos previstos no nivel inferior?			
Explicítanse os mínimos exixibles para este nivel?			
Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal?			
Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?			

<b>As competencias básicas:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Foron traballadas a totalidade das competencias básicas.			
Empregáronse recursos para o desenvolvemento das competencias básicas.			
Consideráronse as competencias básicas un elemento organizador do proceso educativo.			
<b>No relativo á metodoloxía.</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Utilizáronse recursos pedagóxicos necesarios?			
Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?			
Foron adecuados os espazos previstos?			
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.			
<b>No relativo coa avaliación</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Fíxose unha avaliación inicial real e útil			
As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre os progresos de cada alumno e alumna?			
Definíronse correctamente os criterios de cualificación.			
Deseñáronse actividades de recuperación para o alumnado que o precisou			

Realizouse un adecuado seguimento do alumnado.			
<b>No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos)?			
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?			

## 15. ACTUACIÓN DURANTE UN POSIBLE CONFINAMIENTO

No caso hipotético de outro confinamento , xa sexa de todo o cole ou de algunha aula específica, a materia de música podería seguir con total normalidade grazas á aula virtual. Onde se subirán as fichas de elaboración propia que corresponda, ademais de un vídeo ou un arquivo sonoro explicativo do traballo para esa sesión, así como a corrección do traballo da semana anterior.

Manuel Sanmartín Malvárez.


CEIP “O Coto” Negreira.

Curso 2020-2021

C.E.I.P O Coto

2º CURSO

PROGRAMACIÓN E.F.



FRANCISCO PIÑEIRO CASTRO

0. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	3
1. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES EN TERMOS DE RESULTADOS DE APRENDIZAXE NON ACADADOS EN XERAL POLO ALUMNADO DO GRUPO OU QUE NON SE PUIDERON DESENVOLVER.....	
2. PROCEDEMENTO PREVISTO NA PROGRAMACIÓN PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS.....	
3. OUTROS ASPECTOS DA MEMORIA FINAL DO CURSO ANTERIOR QUE FORON INCORPORADOS OU DIRECTRICES DA CCP.....	
4. CONTRIBUCIÓN DA E.F. AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
5. PESO DOS ESTÁNDARES NAS COMPETENCIAS CLAVES .....	
6. OBXECTIVOS.....	7
7. UNIDADES DIDÁCTICAS TEMPORALIZACIÓN E RELACIÓN CO CURRÍCULO .....	17
7.1. DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES .....	20
7.2. CARACTERÍSTICAS DAS NENAS- NENOS 6-7 ANOS.....	21
8. RELACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS CO CURRÍCULO.....	
9. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMP.....	9
9.1. CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN .....	9
9.2. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE .....	12
9.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	15
10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	23
11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	25
12. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO .....	26

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO DA PRÁTICA DOCENTE.....	28
14. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	
15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL .....	
16. MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	29
17. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE .....	31
18. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....	32
19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	33
20. MECANISMOS DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS .....	35

# ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

## 0. INTRODUCCIÓN.

Esta área na educación primaria debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a una mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e Expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.



A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

VICIANA (2002) dinos que existen diferenzas significativas entre planificación e programación. O primeiro é un concepto xeral que se rexe por leis xenéricas de ordenación de obxectivos e contidos. O segundo é un traballo concreto, palpable, local e adaptado ó contexto, e réxese por decisións e actuacións concretas.

Por outra banda, DIAZ LUCEA (1994) sinala que a programación debe ser entendida como un proceso continuo, aberto e en constante revisión e transformación.

Seguindo a estes dous autores, podemos dicir que as características principais de unha programación son: *flexibilidade* (modificable, adaptable,...) e *especificidade* (en consonancia con un contexto determinado).

O obxectivo principal desta programación será o de: concretar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, tendo en conta as características dos alumnos/as dos nosos grupos, das condicións materiais e instalacións do centro e da realidade social e cultural do entorno de referencia.

## CONTEXTO

O colexio está situado practicamente no centro de **Negreira**, unha vila de interior a poucos quilómetros de Santiago de Compostela. É unha vila ben comunicada que leva medrando dende hai uns anos e que o segue facendo na actualidade a un ritmo maior, co que os servizos vanse incrementando. Cabe destacar que na vila de Negreira está asentada un número importante de familias procedentes de Marrocos e que teñen escolarizados ós nenos e nenas no centro educativo. Salvo algunha excepción na que pasan algunha tempada fóra, asisten con regularidade e están totalmente integrados. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias.

Por outra banda, sendo un concello onde o sector agrícola e gandeiro ten forte peso na vida dos nosos escolares, avogarase pola unión deste contexto cos nosos contidos didácticos, xa que serán o principal **centro de interese** do alumnado, representando esta realidade a través das unidades didácticas, partindo así da súa particular cosmovisión.

Este **CEIP** cubre as etapas de infantil e primaria sendo de liña tres (non sendo algún nivel que conta con tan só dúas unidades), contando con un total de máis de 500 alumnos. O tipo de **xornada é continua** de 9.40 h a 14.40 h. Conta servizo de **transporte**, con **comedor**.

# 1. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES EN TERMOS DE RESULTADOS DE APRENDIZAXE NON ACADADOS EN XERAL POLO ALUMNADO DO GRUPO OU QUE NON SE PUIDERON DESENVOLVER.

*A totalidade dos alumnos e alumnas acadaron os obxectivos mínimos concretados para cada un dos niveis nas programacións de área, atendendo ás modificacións feitas para o último trimestre, seguindo as instrucións da Consellería.*

## GRUPOS DE PRIMEIRO DE PRIMARIA

**Ensinanza presencial:** Os obxectivos xerais que se expuxeron ao principio do curso circunscribíanse aos ámbitos físico- motriz, cognitivo, afectivo e de inserción social. Os contidos seleccionados para a consecución dos obxectivos foron as habilidades e destrezas motrices básicas locomotrices, non locomotrices e de proxección/recepción que no transcurso do curso desenvolvéronse de forma conxunta e combinada respectando unha orde de complexidade crecente. Utilizáronse indistintamente estilos de ensino produtivos e reprodutivos. O mesmo sucedeu coas técnicas de ensino, alternando a instrución directa e mediante a procura, aínda que se preferenciou esta última. As estratexias na práctica globais, analíticas e mixtas usáronse en función do contido a desenvolver e dos niveis manifestados polos alumnos. Este grupo dispuxo de dúas sesións semanais, observándose unha alta regularidade na súa asistencia. Ao principio de curso presentábase como un grupo moi numeroso e heteroxéneo con acusadas diferenzas motrices e socio-afectivas entre os seus compoñentes. No transcurso do curso apreciouse unha mellora no control e organización grupal así como na mellora do clima afectivo da clase.

O grao de motivación, participación, esforzo e dedicación foi aumentando co devir das sesións.

**Ensinanza non presencial:** Atendeuse a repaso de contidos xa traballados.

Traballáronse contidos de repaso dos trimestres anteriores fundamentalmente, mediante LIM ( Libro Multimedia Interactivo), nos que se abordaron aspectos informacionais relacionados fundamentalmente con actividades deportivas, nos que os alumnos tiñan que visualizar unha información para logo ir superando con acerto as distintas situacións que se lle presentaban mediante formas xogadas interactivas, contribuíndo ao logro das competencias clave. Tamén se propuxeron exercicios motrices por medio de fichas informativas, xogos motrices e realización de bailes e coreografías sinxelas individuais a través de vídeos.

Fomentáranse as rutinas de exercicio físico e mantemento dun hábito de vida saudable. Enviáranse actividades que implicaban movemento e que o alumnado puidese realizar na casa (bailes, entrenamiento interválico, salto, estiramientos e quecemento adaptados ao entorno do fogar.

## 2. PROCEDEMENTO PREVISTO NA PROGRAMACIÓN PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS.

A E.F. é un proceso continuo, flexible e aberto, ademais existe unha globalidade e interdependencia dos coñecementos e as experiencias formativas e de aprendizaxe, o que permite que nunha mesma sesión podidas estar traballando de maneira directa ou indirecta contidos de distintos bloques simultaneamente.

Procurouse aportarlles aos rapaces e rapazas o maior número de experiencias motrices posible, xa que nos atopamos nunha etapa de enriquecemento. Pretendeuse unha aprendizaxe significativa baseada nos intereses, experiencias e coñecementos previos do alumnado e respectando o desenvolvemento. Empregouse unha metodoloxía global, lúdica, activa e participativa, baseada no xogo, xa que o xogo ademais de contido é un dos mellores recursos dispoñibles; como xa mencionamos no apartado anterior a análise dos resultados da avaliación podemos concluír que se acadaron os obxectivos propostos ao inicio de curso, incluso a pesar das modificacións feitas para o terceiro trimestre. A valoración foi positiva sendo o número de aprobados do 100%.

## 3. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA PARA A ELEBORACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Sen dúbida a dificultade para o presente curso para a área de E.F. non ven determinada polas aprendizaxes non adquiridas, senón pola organización, estruturación e modificación de actividades para adaptarse a esta nova realidade.

No que respecta a a EF, o complexo contexto que rodea a esta materia e que difire do resto (espazos, actividades, movemento, interacción, materiais e equipamentos) fai necesario que se xeren procesos e procedementos específicos que aseguren o benestar do alumnado e do persoal docente, minimizando os riscos.

En definitiva, a EF é fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado. Por iso, debemos garantir que se imparta de forma segura e responsable, para o persoal docente e o alumnado, asegurando así que adquiran as competencias básicas e lles achegue as habilidades e oportunidades de promoción da saúde e benestar, tan importantes durante estes tempos incertos e difíciles.

Isto tamén lles axudará a ter ferramentas e desenvolver resiliencia no futuro.

### **Aspectos a ter en conta na PROGRAMACIÓN.**

1. Flexibilización dos currículos tendo en conta que en Educación Física, a diferenza do resto de áreas, non somos meros consumidores, técnicos e executores de directrices externas ou editoriais, somos suxeitos activos, na construción e adaptación do currículo. Tendo en conta o anterior, salientamos que é moi difícil facer unha programación en tan pouco tempo e para todo un ano académico e posiblemente nos enfrontemos a moitas dificultades non valoradas a priori e que aparezan no traballo diario e que terán como consecuencia flexibilizacións e modificacións da programación.

2. Ter presente á hora de levar a cabo a programación a posibilidade dun novo confinamento, para que sexa viable levala a cabo por sistema de normalidade alterada, mixto ou a distancia.

3. En referencia a aqueles aspectos do currículo de Educación Física relacionados coa saúde teremos presentes as diferentes recomendacións actualizadas sobre o exercicio e a COVID-19 emitidas polas diferentes administracións e organismos de referencia neste tema.

4. Debido á relativa presenza de enfermidades respiratorias entre o alumnado debemos contemplar a posibilidade de adaptacións para este tipo de alumnado con NEAE en situacións de exercicio con máscara.

### **CONDICIONANTES DAS CLASES.**

#### **Consideracións xerais**

1. Evitar contactos físicos durante a práctica como poden ser choques de mans/cóbdados ou calquera saúdo como poden ser os abrazos.

2. Non cuspir durante a práctica da sesión de EF.

3. Uso de máscara en todo momento por parte do persoal docente e aquel alumnado que non estea a levar a cabo a sesións práctica, calquera que sexa o rol que estea a desempeñar.

4. O protocolo aprobado pola Consellería establece a única excepción para o uso da máscara: cando as actividades se realicen no exterior, de maneira individual, cunha separación maior de 2 metros.

5. Manter unha distancia mínima de 2 m durante a práctica e uso da máscara cando as esixencias físicas da actividade o permitan.

6. Evitar tocar a máscara, cara, nariz ou ollos coas mans.

### **Roupa e material de aseo.**

- 1.Recoméndase levar a roupa deportiva xa posta da casa, para evitar aglomeracións no acceso ao vestiario.
2. O aseo realizarase preferiblemente con xabón e papel de mans desbotable proporcionado polo centro.
3. Tanto no ximnasio coma no pavillón disporase de dispensadores de xel hidroalcolico.

### **Máscara e material complementario.**

- 1.. O uso da máscara será obrigatorio agás que as actividades se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Coidarase especialmente do uso da máscara en espazos pechados con ventilación reducida.
2. Debido ao aumento de temperatura e humidade na zona da máscara ao realizar exercicio recoméndase prestar especial atención a este aspecto para minimizar a xeración de microclimas, evitando a humidade e a carga vírica - se a houbese-, cambiándoa no caso de ser necesario.
3. Cando se usen materiais por varios/as alumnos/as deberán desinfectarse antes e despois do seu uso, prestando especial atención á hixiene de mans.

### **Confinamento.**

En caso de confinamento propoñemos as seguintes pautas:

1. Establecer propostas que impliquen a práctica de exercicio físico diario para aminorar o impacto do sedentarismo que implica a estancia continuada no fogar.
2. Promover actividades que impliquen traballo postural e ergonomía.
3. Valorar, de cara ás propostas de actividade física na casa, aquelas que dean posibilidade de participación aos diferentes membros da familia como elemento motivante e catárquico.



## 4. A CONTRIBUCIÓN DA E.F. AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Como xa mencionamos antes a “**competencia motriz**” non está recollida como unha das competencias clave e a desaparición do currículo da competencia “**coñecemento e a interacción co mundo físico**”, que cremos que era a competencia máis directamente relacionada coa nosa área e o feito de etiquetar as áreas entre troncais e específicas posiblemente contribúa o desprestixio da nosa área.

Pero dende a administración dinos o contrario que é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

## 5. PESO DOS ESTÁNDARES NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

EA	C_Clave
▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	▪ CSC CAA, CSIEE, CD
▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	▪ CCL, CAA, CSC CSIEE
▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	▪ CSC CAA CSIEE
▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	▪ CSC CAA CSIEE
▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	▪ CD CAA CSIEE
▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	▪ CCL CD CAA
▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	▪ CCL CSC CD
▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	▪ CSC CAA CSIEE
▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	▪ CSIEE CAA CCEC CSC
▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	▪ CSC CAA
▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	▪ CSC
▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	▪ CSC CAA
▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	▪ CSC CAA
▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	▪ CAA CSC
▪ EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	▪ CSC CAA
▪ EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.	▪ CSC CAA
▪ EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.	▪ CAA CSC CSIEE
▪ EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	▪ CSC CCEC CAA
▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.	▪ CSC CCEE CAA
▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.	▪ CSC CCEE CAA



EA	C_Clave
▪ EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	▪ CSC CCEE CAA
▪ EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.	▪ CSC CAA CSIEE
▪ EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.	▪ CCEC CSC CAA
▪ EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.	▪ CCEC CSC CAA
▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.	▪ CCEC CAA CSC CSIEE
▪ EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	▪ CSIEE CAA
▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.	▪ CSC CSIEE CAA
▪ EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	▪ CSC CAA CSIEE
▪ EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	▪ CAA CSC
▪ EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.	▪ CSC CSIEE CAA
▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	▪ CAA CSIEE CSC
▪ EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.	▪ CCEE CAA CSC
▪ EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.	▪ CCEC CD CAA CSC
▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	▪ CCEC CSC CAA
▪ EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.	▪ CSC CAA
▪ EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.	▪ CSC CAA

Taboa resumo do peso dos estándares e da aportación da E.F. as competencias clave. (Valoración base 100)

Comunicación lingüística. CL	O currículo oficial vincula 3 estándares a esta competencia sendo o seu peso de 33,33
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CMCT	O currículo oficial non vincula ningún estándar a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Competencia dixital. CD	O currículo oficial vincula 4 estándares a esta competencia sendo o seu peso de 25
Competencia sociais e cívicas. CSC	O currículo oficial vincula 33 estándares a esta competencia sendo o seu peso de 3,03
Conciencia e expresións culturais (CCEC).	O currículo oficial vincula 14 estándares a esta competencia sendo o seu peso de 7,14
Competencia de aprender a aprender. CAA	O currículo oficial vincula 34 estándares a esta competencia sendo o seu peso de 2,94
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).	O currículo oficial vincula 15 estándares a esta competencia sendo o seu peso de 6,66



## 6. OBXECTIVOS

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



## 7. UNIDADES DIDÁCTICAS SECUENCIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN E RELACIÓN CO CURRÍCULO.

A presente programación consta dun total de 9 Unidades Didácticas por. Nun primeiro momento exporemos a temporalización das Unidades Didácticas xustificando o por que de realizar esas unidades, a relación entre elas e as razóns da súa ordenación temporal. A continuación amosaremos un cadro no que se plasma, o nome da unidade, o número de sesións previstas (que varían entre 4 e 9, e fan un total de 72) e os principais contidos traballados en cada unha delas.

### SEGUNDO CURSO DA ED. PRIMARIA)

A nosa programación para este grupo consta de nove Unidades Didácticas nas que se traballarán os contidos importantes para este ciclo e reforzaranse aqueles traballados no ciclo anterior.

Para o primeiro trimestre temos tres unidades didácticas. A primeira unidade didáctica é unha unidade de benvinda (“**Comezamos o curso**”) na cal aproveitaremos para sinalar as normas de comportamento, utilización de material, hixiene, vestimenta,..., que terán que cumprir os rapaces e rapazas durante o resto do curso. Ademais faremos unha serie de xogos de presentación e desinhibición para determinar o clima social do grupo (os/as líderes, os grupos, os alumnos/as menos aceptados,...). Sinalaremos a importancia de preparar o noso corpo con exercicios ou actividades de animación (ou quecemento). **UNIDADE DIDÁCTICA RELACIONADA FUNTAMENTALMENTE CO BLOQUE DE CONTIDOS 1 (CONTIDOS COMÚNS DE EDUCIÓN FÍSICA)**

Seguimos con unha unidade didáctica de capacidades físicas básicas motivado pola gran tradición que existe no centro de participar na CARREIRA POPULAR DE NEGREIRA (“**A miña forma física e a saúde**”) na que traballaremos, seguindo a SÁNCHEZ BAÑUELOS, a Flexibilidade, a Resistencia Aeróbica e a Velocidade Acíclica ou Xestual, pero centrándonos na mellora e no traballo das Habilidades. Ademais faremos especial fincapé nos efectos beneficiosos que a práctica de actividade física de forma regular ten sobre a saúde. **UNIDADE DIDÁCTICA RELACIONADA FUNTAMENTALMENTE CO BLOQUE DE CONTIDOS 1 (CONTIDOS COMÚNS DE EDUCIÓN FÍSICA) E CO BLOQUE DE CONTIDOS 5 (ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE)**

Unha vez coñecidas as normas e o clima socio-afectivo do grupo e traballadas as capacidades físicas básicas indicadas para este grupo de idade, pasamos a unha unidade didáctica dedicada ás Habilidades Motrices Básicas (“**Habilidades I**”). Centrarémonos nas habilidades motrices básicas co corpo (desprazamentos, saltos e xiros). **UNIDADE DIDÁCTICA RELACIONADA FUNTAMENTALMENTE CO BLOQUE DE CONTIDOS 1 (CONTIDOS COMÚNS DE EDUCIÓN FÍSICA) E CO BLOQUE DE CONTIDOS 3 (HABILIDADES MOTRICES)**

Para comezar o segundo trimestre faremos unha unidade didáctica de contidos mais propios do primeiro ciclo: lateralidade (“**Percepción sensorial e coñecemento do corpo**”), pero que convén traballar tendo en conta que o ritmo de maduración dos rapaces/as non é o mesmo para todos. Para aqueles que así o precisen servirlle de desenvolvemento da lateralidade, para aqueles que xa teñen a súa lateralidade definida valerelles como traballo de maduración (segundo a SPIONEK). **UNIDADE DIDÁCTICA RELACIONADA FUNTAMENTALMENTE CO BLOQUE DE CONTIDOS 1 (CONTIDOS COMÚNS DE EDUCIÓN FÍSICA) E CO BLOQUE DE CONTIDOS 2 (O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN)**

Agora que xa temos a nosa lateralidade cando menos desenvolvida, imos pasar a outra unidade didáctica de habilidade motrices básicas pero esta vez centrada nas habilidades motrices con obxectos (“**Habilidades II**”), que como sinalamos anteriormente trátase do bloque central deste segundo ciclo. **UNIDADE DIDÁCTICA RELACIONADA FUNTAMENTALMENTE CO BLOQUE DE CONTIDOS 1 (CONTIDOS COMÚNS DE EDUCIÓN FÍSICA) E CO BLOQUE DE CONTIDOS 3 (HABILIDADES MOTRICES)**

A derradeira unidade didáctica deste segundo trimestre ten relación coas capacidades expresivas do noso corpo (“**Aprendo ao meu ritmo**”). Esperamos ata este momento da programación para introducir este tipo de contidos xa que se precisa un certo grado de complicidade, entre os alumnos/as e destes co mestre, para poder acadar os obxectivos buscados. Traballaranse xogos con cancións, bailes fáciles, danzas do mundo,... **UNIDADE DIDÁCTICA RELACIONADA FUNTAMENTALMENTE CO BLOQUE DE CONTIDOS 1 (CONTIDOS COMÚNS DE EDUCIÓN FÍSICA) E CO BLOQUE DE CONTIDOS 4 (ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS)**

O terceiro trimestre dedicámolo a tres unidades didácticas onde o xogo e o eixo central. **UNIDADES DIDÁCTICAS RELACIONADAS FUNTAMENTALMENTE CO BLOQUE DE CONTIDOS 1 (CONTIDOS COMÚNS DE EDUCIÓN FÍSICA) E CO BLOQUE DE CONTIDOS 6 (OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS)**. Aproveitando a mellora da meteoroloxía nestes meses do ano trataremos que varias das sesións se leven a cabo ó aire libre. A primeira unidade didáctica deste trimestre (“**Formas xogadas!**”) Xogos que impliquen habilidades motrices básicas, e recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.



Despois faremos un repaso dos xogos populares tradicionais (“**Xogos populares e tradicionais**”) que teñan relación directa coas habilidades motrices básicas co corpo.

Por último faremos unha unidade didáctica que trataremos que se leve a cabo completamente no medio natural (“**Xogos de patio e rúa**”) que nos servirá de resumo de tódolos contidos impartidos durante o curso.

		SEGUNDO DE ED.PRIMARIA		
U.D.		NOME	Ses.	CONTIDOS
1º TRIMESTRE	1	Comezamos o curso	4	<i>Presentación.</i> Normas. Instalacións. Materiais. Xogos de presentación e de desinhibición.
	2	A miña forma física e a saúde.	5	<i>Capacidades Físicas Básicas</i> (Flexibilidade, Resistencia Aeróbica e Velocidade Xestual) mediante as Habilidades Motrices Básicas.
	3	Habilidades I. (Sen móbiles)	9	<i>Habilidades Motrices Básicas co corpo:</i> carreiras, saltos e xiros.
2º TRIMESTRE	4	Percepción sensorial e coñemento do corpo.	9	<i>Lateralidade, coordinación.</i> esquema corporal, equilibrio ...
	5	Habilidades II. (Con móbiles.	9	<i>Habilidades Motrices Básicas con obxectos:</i> lanzamentos, recepcións e golpeos.
	6	Aprendo ao meu ritmo.	9	<i>Expresión Corporal:</i> xogos con cancións, bailes e danzas.
3º TRIMESTRE	7	Formas xogadas.	9	Xogos que impliquen habilidades motrices básicas, e recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.
	8	Xogos populares e tradicionais.	9	<i>Xogos populares tradicionais:</i> que impliquen habilidades motrices básicas co corpo.
	9	Xogos de patio e rúa.	9	<i>Actividades no patio ou no medio natural:</i> resumo dos contidos de todo o curso.

**NOTA: ALGUNHAS UNIDADES FRACCIONARANSE E TRABALLARANSE SESIÓNS DETERMINADAS EN MOMENTOS PUNTUAIS DO CURSO.**

## 7.1. DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES.

As sesións seguirán o esquema para o traballo de Educación Física na etapa de Primaria de SANTOS BERROCAL:

1. **FASE DE INFORMACIÓN** (3-5 min): Breve explicación do que faremos na sesión (material,...). Aproveitaremos para motivar ós alumnos/as para a práctica.
2. **FASE DE ANIMACIÓN** (6-8 min): Xogos e actividades nos que se realizan movementos globais para a activación psicomotriz, cognitiva e afectiva.
3. **FASE DE LOGRO DOS OBXECTIVOS** (30 min): Xogos e tarefas que desenvolven os contidos e que se dirixen á consecución dos obxectivos didácticos da unidade.
4. **FASE DE VOLTA Á CALMA** (5 min): Actividades de recuperación e volta ó nivel de activación inicial. Busca baixar o nivel emocional dos alumnos/as e recuperalos do traballo realizado.
5. **FASE DE ANÁLISIS DOS RESULTADOS** (5 min): Posta en común e reflexión sobre a sesión cos alumnos/as: grao de participación, satisfacción, problemas atopados,...

## 7.2. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS NENAS E NENOS DE 7-8 ANOS

Pásase dos preconceptos á conceptualización. Ao terminar o Ciclo o/o neno/a atópase no período de operatividade concreta (“xa ten uso de razón”). Nos ámbitos psicomotores e neuromotor, o cerebro ao sete anos alcanza o seu pleno desenvolvemento, especialmente a zona profrontal, onde se localizou a regulación da previsión motriz, a ideación, programación e avaliación. Posúe a madurez suficiente para facer unha lectura fluída. Fase da aprendizaxe dos fundamentos matemáticos, das operacións básicas. Fase en que as manualidades, cada vez máis finas, permite a adquisición de certos controis: as tesoiras, o lapis, etc. Con precisión e exactitude. As experiencias, canto máis numerosas, permiten ao neno/a maior posibilidade de recibir estímulos distintos. A variedade de estímulos, permite ao neno dispor de maior cantidade de elementos a utilizar nos procesos de asimilación, ante unha realidade á que se vai a atopar enfrontado en cada momento da súa vida. Coñece cada vez máis sobre si mesmo como corpo e sobre as súas accións, o que lle permite maiores adquisicións psicomotoras.

**CRECIMENTO FÍSICO** Período do crecemento físico de aumento progresivo e estable. Estabilidade que se cuantifica por unha media de 5 a 6 centímetros por ano, con relación á talla, e de 2 a 2,7 kg. en canto ao peso. Como dato anecdótico, habemos de resaltar a existencia dun pequeno impulso no crecemento, aproximadamente entre os 5,5, anos e os 6,5 anos. Nestas idades o corpo dos nosos escolares manifesta unha forma xeralmente rectilínea e relativamente plana, non existindo diferenzas marcadas entre mozos e mozas nin na anchura da pelves nin no tronco. O tecido óseo atópase en pleno e activo proceso de crecemento e maduración. As actividades físicas convértense en elemento estimulador non só do crecemento óseo senón tamén do muscular.

**TRAZOS BIOLÓXICOS** Superaron o metro de estatura, oscilando, aproximadamente, entre 1,03 metros e 1,25 metros, tanto en homes como en mozas. En relación ao peso, leste oscila entre os 20 Kg. e os 25 Kg., sendo os homes algo máis altos e pesados. A proporcionalidade corporal tamén se manifesta nestas idades, onde a cabeza perdeu o seu tamaño predominante propio de idades anteriores e ocupa 1/6 da lonxitude total do corpo.

### **TRAZOS PSICOMOTORES**

7 – 8 ANOS: Períodos de ensimesmamento “volta ao mundo, concentración, desconcentración” que lle serven como organizadores das adquisicións no plano cognitivo e motor. Móstrase máis agudo, sensitivamente falando, e máis receptivo cara ao outro. Relaciónase, máis adecuadamente, cos seus compañeiros/as, en proxectos de acción. Os cambios cognitivos son acentuados así como os afectivos. É a idade da chamada “intelixencia práctica” así como a do desenvolvemento das habilidades motrices globais e manipulativas. As súas execucións corporais melloran manifestándose globalmente por un mellor equilibrio, autocontrol, adaptación rítmica, expresividade e sociabilidade.

### **Identidade e organización corporal**

7 – 8 anos: Establécese correctamente a lateralidade, distingue a esquerda da dereita noutras persoas, así como a dirección dos seus movementos. A imaxe do seu corpo comeza a interiorizarse ao considerar o corpo como un instrumento de relación co mundo. Maior control motor. Certo dominio sobre a noción de altura e sobre as direccións no espazo; a súa concepción do temporal está moi ligada á duración e forma de realizar as súas accións.

### **Habilidades físicas básicas**

7 – 8 anos: A mellora das súas coordinacións, a utilización do seu corpo e de obxectos diversos enriquece as súas aptitudes coordinativas: desprazamentos, xiros, saltos, etc. O equilibrio estático segue mellorando progresivamente, móstrase capaz para realizar tarefas que esixen manterse sobre un apoio, tanto cos ollos abertos como pechados, e de mostrar o equilibrio dinámico necesario para participar en múltiples xogos. Manexo de móbiles en tarefas oculomotrices. Polivalencia da súa capacidade de movemento. As tarefas motrices nestas idades están encamiñadas a que calidades tales como a coordinación, o equilibrio e a axilidade, consolídense. A axilidade é unha calidade que vai a mellor notablemente nestas idades e de forma máis marcada nas nenas.

## 9. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS E GRAO MÍNIMO DE CONSECUIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DO SEGUNDO CURSO

CA	EA	C_Clave	GRAO MÍNIMO	GRAO INTERMEDIO	GRAO AVANZADO
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</li> </ul>	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	CSC CAA CSIEE CD			EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios
	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	CCL CAA CSC CSIEE		EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	
	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	CSC CAA CSIEE	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		
	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	CSC CAA CSIEE		EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</li> </ul>	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD CAA CSIEE			EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL CD CAA			EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC CD		EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con</li> </ul>	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.		
	EFB1.3.2. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA	EFB1.3.2. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.		

CA	EA	C_Clave	GRAO MÍNIMO	GRAO INTERMEDIO	GRAO AVANZADO
interese e iniciativa individual e traballo en equipo.		CCEC CSC			
	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CAA	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		
	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		
	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.		
• B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CSC CAA	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.		
• B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	CAA CSC	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.		
	EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	CSC CAA		EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	
	EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.	CSC CAA			EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.
